A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 142 • DO 13 AO 17 DE FEBREIRO DE 1.981 • 50 PTS.

Montaña luguesa

O terceiro mundo na propia casa

Amarre da Flota
Caos total
no sector pesqueiro



CEE:

Polas deficiéncias da instalación dos tendidos de "Electra del Jallas" provocaron tres novas mortes. As promesas de arranxo seguen sen cumprise.

A CORUÑA:

Detrás da petición de dimisión do alcalde da Coruña, Domingo Merino, latexan uns problemas moito máis fondos dos que as forzas opositoras e os xornais da capital expoñen a opinión pública.

A resposta
do pobo galego
á represión lingüistica

outra vaca no millo

"A las doce y media, al ir a iniciar su discurso se produjeron diversos incidentes, protagonizados sobretodo por los parlamentarios de Herri Batasuna". No estilo narrativo próprio dos xornais non caben todos os significados que acocha a imaxe duns representantes elexidos polo pobo a erguer os puños e o canto a desafiar o sangue azul vertido agora sobre Euskadi, na lembranza quizais outra hemorráxia que asulagou Guernica cando as faces de Picasso, desencaixadas fitaron con medo o ceo nublado por bandos de avións fascistas.

"Seria dificil encontrar en país alguno, ante soberano alguno algo parecido a lo que ayer hemos visto todos los españoles en Guernica".

Afirma Luis Caparrós,, pluma de medianoite, cegado se cadra pola raiolas do flexo e por ese ardor monárquico que só se adquire a base de moito follear as revisas cardiacas que ilustran as barberias e as salas de espera dos dentistas, onde se ven reis, Baróns, emperadores, toda caste de títulos e grandezas e bailar en salons aristocráticos, tirar cos cartos nos casinos, a esbarar polos Alpes suízos a un tiro de pedras da Banhof Strasse, dos moricos de billetes almacenadas en Zurich.

Evidentemente está mal informado o sr. Caparrós no tocante a história pois en todo tempo abondaron as xentes pouco amantes de servir ao Rei. Na memória arrecedente a alcanfor xurden os tiranicidas franceses, degoladores de pescozos dinásticos; e noutro circo da espiral ollamos os asaltantes do Pazo de Inverno a subírselle ás barbas aos Zares da Santa Nai Rusia para escándalo de Luisir Caparróy, a pluma daquela medianoite que rompeu nun dia bermello. Mais toda evocación dun pasado de reis arrebollados na lama, dona Urraca arrastrada polas ruas de Compostela, esgazada pola ira popular, é silenciada polo Corpo Místico da prensa, dos bancos, aparato e mercenarios do Estado. A sucesión dinastica inteminábel, a estultícia hereditária, o eterno retorno da arbitrariedade feudal, semellan onipotentes. E ¿ai dos osados que non se enguruñen ante o Cesar? E a Corte dos Milagres que tanta grácia lle facia a Valle Inclan, recorrente como a cebola e os chourizos picantes intentando en cada reviravolta dos séculos a doma e castración dos súbditos alzados contra a tenebrosa avidez de império e de colónias.



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas, S.A.

Presidente do Consello de Administración:
Xosé Luis Fontenla Rodríguez.

Consello de Administración:
Secretário:
Cesar Varela García.

Conselleiros:
Francisco Carballo Carballo, Xoaquin Acosta Beiras, Manüel Maria Fernández Teixeiro, Santiago Esteban Radio, Xosé Paz Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Cipriano Jimenez Casas.

Comisión de Fundadores:
Xoaquín Acosta Beiras, Xosé Luis Fontenla Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Xosé Enrique Morales Quintana, Cesar Varela García.

Directora:
Xosefina López Corral.

Redactores e Colaboradores:
Bieito Iglesias, Alfonso Eyré, Xosé López, X.L. Labandeira, Xosé M. Curras, Ignacio Brisset, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X.A. Suarez (O Condado), Xan Docampo (A Estrada), Cándido Miranda (Porriño), Vázquez Pintor (Morrazo), X.M. Suarez (Cedeira), Francisco Delgado (A Rua), Patiño, Tellado, Lois Rodríguez (Deportes), Jordí Fortuny, M. Mercé Marçal, Xavier Romeu (Páisos Cataláns), Mugarra (Euskadi), Manuel Toural (España), A.P. Dasilva (Portugal), Domingo Prieto (Holanda), Carlos Durán (Londres), Carlos Sixirei (Latinoamérica).

Deseño e.Confección:
Proculgasa Deseño Gráfico.

Fotografía:
Alban, Tino Viz, Carballa, C. Lafuente.

Dibuxos:
X. Marín, Xosé Lois, F. Vilanova, Carlos Rodríguez Silvar, Pepe Barro.

Publicidade:
Rodolfo Lamas Conde. Telf. 582613.

Redacción e Administración:
Troia, 10 - 1.-Santiago.
Redacción: Teléfono, 582681.
Administración: Telf. 582613

Imprenta:
"La Región, S.A." Offset C. Ourense 11 15 Ourense
Dep. Legal C-963-1977

Distribución; A Coruña, Libreria Colon, Telf. 227206. **Santiago**, Prensa Nacional, Telf. 583456 **Pontevedra**, Libreria Cao, Telf. 855374 **Vigo**, Distribuidora Vigue-sa, Telf. 414570. **Ferrol**, Distribuidora Ve... Telf. 357707. . **Lugo**, Souto, Telf. 213425. **Ourense**, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. **Bilbao**, Distribuidora Vasca Telf. 4231933. **Barcelona**, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

A NOSA TERRA

SEGUE NA PERCURA

DUNHA INFORMACION GALEGA

Merqueo no seu quiosco

Nome . . . . . .
Profesión . . . . . .
Enderezo . . . . . .
Poboación . . . . . .
Provincia . . . . . .

Desexo suscreberme ao periódico galego semanal A NOSA TERRA por un ano ☐ por seis meses ☐
Envió o importe (cheque ☐ xiro postal ☐ transferencia ☐)

_____a ____de _____de 1.98__

Galícia, Estado e Portugal: un ano.....2.5000 pts.; seis meses.....1.250 pts. Précio para Europa.....3.000 pts. anuais; Arxentina.....3.700 pts. anuais; USA, Canadá.....4.000 pts. anuais; América do Sur e Africa.....4.5[illegible]ts. anuais. As tarifas por seis meses serán a mitade das anuais máis cincuenta pesetas. **A NOSA TERRA Apartado 1.031. Tel. 582613. SANTIAGO DE COMP[illegible]A**

FOTO XURXO LOBATO

Polo amarre da flota:

Caos total no sector pesqueiro

De repente toda a flota de altura e meia altura do Estado atopouse metida nun paro de xigantescas proporcións que pouco a pouco xa se via chegar desde hai tres ou catro anos.

Asi, case catrocentos barcos en Canarias, outros tantos en toda Andalucia, cento dez de A Coruña e sesenta e cinco de Vigo, ademais dos vascos, asturianos e cántabros que faenan nas augas da C.E.E. atópanse parados por non haber tratado que regule a sua pesqueria en augas fora da Península Ibérica.

Galícia conta co 42 por cento do tonelaxe total do Estado en buques pesqueiros e os mariñeiros galegos traballan en todas as flotas, chegando ás veces a representar máis do trinta por cento nalgunhas flotas, como a de Cádiz. Suman cerca dos 30.000, contando coa baixura, tamén en crise e deixando a unha beira aos barcos de mirande altura, como os que van a Arxentina ou Namibia. Pódese dicer, por outra banda, que entre todos os servícios auxiliares á pesca suman con ela cerca de 300.000 postos de traballo, ou seña 1.200.000 bocas a xantar da pesca.

No paro actual hai entre outras cousas, unha total dependencia dunha administracion pesqueira que pouco conta cos pescadores como non seña para que a ultima hora retire as castañas do lume. Por mor disto a flota viguesa que pesca no Gran Sol non retornou ao porto a flota coruñesa xa levaba varios dias no porto e preveia o paro xa que os barcos foron ficando amarrados aos peiraos desde uns dias antes do trinta e un de Xaneiro. Ainda que queden alguns no mar, non é como o caso do buque de Marin "Cipi" que permanece en augas saarianas pescando, posibelmente á beira dos conxeladores rusos que teñen con eles a armada de guerra soviética.

OS AFECTADOS

Son moitos mariñeiros galegos os afectados e non como ten dito pola RTVE que son poucos os barcos galegos afectados, cando a maior parte deles son "monocaladero" ou seña, que só poden pescar nun único sitio dadas as suas caracteristicas. Con isto, fixeron que case todos os conxeladores puderan ir a Nimibia a pescar sen contar co informe da Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Cefalópodos (ANACEF) que di que o 73 por cen da flota é obsoleta.

A nivel económico a renta xenerada por eses 300.000 galegos ven a significar o vinte por cento de toda a renta galega, e hai que ter en conta que a maior parte da poboación vive nas zonas costeiras e cara ao mar. As ventas en Canarias chegaron, durante o ano 1980 a 14.000 millóns de pesetas mentres en Galícia en 1979 siginificaron 35.000 millóns. Deles, 23.000 corresponderon a Vigo e A Coruña.

Agora xa están case todos na casa, sóbor de todo os que faenan en Africa, porque o mesmo Estado correu cos gastos de traelos e cobrando a miséria do salário mínimo. A solución non está perto.

ARMADORES DESCONTENTOS

Non hai moito tempo era tan difícil ouvir falar mal a un armador da politica pesqueira como atopar a famosa agulla no pallar. Hoxendia ate teñen pensado ir en manifestación a Madrid. Un dos descontentos, pero xa cunha visión anterior das cousas, é o señor Seoane Pazos, director de Coalsa, empresa coruñesa de Pesca e frigorífica. *"Coido que o tema da CEE xa era previsibel hai cinco anos. Costame traballo pensar que haxa xente interesada en fundir a pesca pero o que si creo e que houbo pasividade. Teño a opinión de que o sector pesqueiro foi sempre un sector "tranquilo" e moi ben tratado pola administración"* dicianos o señor Seoane, para logo engadir *"a figura do armador deteriorouse xa que non ten mentalidade empresarial. Estamos cargando moito as tintas de que a circunstancia política nos leva a esta situación"*.

Preguntado pola sua opinión con respeito á xente que leva a administración pesqueira do Estado dixo que *"parece pouco sério que os encargados da pesca señan duas ou tres persoas que actuan en plan bombero"*.

Cara a defensa do sector por parte dos armadores dixo que cumpria organizarse con todas as partes, sindicatos mariñeiros, pósitos, etc, e facer operativas as asociacións de armadores para seguir a ser un país produtor e non importador, ademais de evitar que se perxudique ao noso sector para compensar a outros.

Coincidindo con todos os sindicatos é raro ouvir a un armador, pero aí está a frase de Seoane de *"nunca existiu unha politica pesqueira, non só por culpa da Administracion senón tamén do sector.*

Pretender negociar coa CEE so con argumentos históricos cando nos movemos por motivos económicos, non ten recibo. Temos que ir con algo máis e moi mal me parece que o sector non esté nas negociacións. Asi o comércio da Pesca teria que ser programado polo próprio sector para evitar importacions lesivas aos seus intereses".

Polas mesmas augas navega un dos armadores máis "contestários" do porto da Coruña, o señor Tobio, que chegou até analizar a repercursión do abandono da economia mixta (campo-traballo) das vilas orixinarias dos mariñeiros polo vivenda na cidade. "'Na Coruña non se dan conta de que toda a cidade depende do porto pesqueiro onde directamente traballan 5.000 persoas.

¿Existe a crise do sector pesqueiro? Segundo o señor Tobio, non hai tal crise xa que o que desaparece é a empresa armadora, nunca o barco e os seus postos de traballo, xa que acaba nas mans dalgun patrón de pesca. Hai excepcións pero en xeral hai un reciclaxe dos barcos, con todos os armadores na espera de que se funda o viciño e non el.

UN TRABALLO DE DESGOBERNO

Dicer que o goberno está a traballar no tema pesqueiro é pouco menos que dicer que está garantizando o seu fundimento. Segundo os armadores coruñeses citados, o Estado español non cumpriu varias das condicións do tratado coa CEE no 1978, feitas dun xeito irresponsábel e só para sair do paso naquel intre. Por outra banda temos que na xuntanza mantida por ANACEF co Ministro de Agricultura e Pesca, señor Lamo de Espinosa e o subsecretário de Pesca a finais do mes de Decembro pasado o representante do Goberno declarou pouco menos o seu descoñecimento cáseque total dos problemas da pesca.

Asi, coñecer agora os momentos de descapitalización das flotas e impoñer un compás de espera a un trata-

(Pasa a páx. seguinte)

cadro branco

Os múltiples telegramas e comunicados de repulsa que intelectuais, Asociacións Culturais, Partidos Políticos e pobo galego en xeral, mandaron aos medios informativos, Xunta de Galicia e Xuez, polo expediente aberto á mestra de Dices-Rois, Xosefa Baamonde.

cadro negro

Carta remitida a ING-CTG polo presidente da Asociación Provincial de Empresários da primeira Transformación da Madeira: "...les comunicamos que ante la imposibilidad de legibilidad idiomática de la misma, nos remitan un nuevo escrito, esta vez en castellano.

(Ven da páx. anterior)

do pesqueiro con Mauritania despois de que o derradeiro rematou en Xaneiro de 1980 son unha mostra de que sen equipos non se pode traballar para o desenrolo do tema do mar e os tratados internacionais. Por riba, en 1981 (agora mesmo) vaise reducir a subvención do gas-oil nun trinta por cento. En canto a petición dunha subvención para a flota, só se limitóu a escoitar e a dicer de que non hai posibilidade de que seña en razón do peixe capturado.

Se a própria ANACEF recollia a impresión de que desde aquel dia a administración xa tiña conciéncia da realidade da situación, pouca esperanza lles pode quedar aos mariñeiros en canto a un traballo estábel e ben pagado.



Toda a flota paga a crise. Tamén a de baixura amarrada no porto da Coruña.

POSTURA SINDICAL

O Secretário nacional do Sindicato Galego de Traballadores do Mar (ING-CTG), señor Campuzano veu a coincidir nos plantexamentos dos armadores Seoane e Tobío no senso de que xa este sindicato un paro desde 1977 cando foi o amarre dos barcos por iniciativa dos patróns. Por outra banda son conscientes de que a rentabilidade das explotacións xa chegou ao tope: "Hoxe o Goberno Español non lle ofrece nengunha saída á flota de altura. Tampouco á de baixura, pero noutro caso é máis sangante.

Para o SGTM (ING-CTG) as alternativas veñen da negociación con outros países, pero en base a contraprestacións, ten que deterse o entreguismo. En segundo lugar, a reconversión da flota, en base a adecuar os barcos aos caladeiros e fixando como obxectivo prioritário os nosos caladeiros.

Para a crise pesqueira pensa este sindicato que tamén hai que contar co noso rico litoral, que ten posibilidades de desenrolo e de creación de postos de traballo. "Hoxe temos a plataforma esquilmada, con précios baixos e cun goberno que non executa a sua lexislación nen gai unha nova".

Cara a situación actual compre unha política de créditos e subvencións para a reconversión das flotas, ademais dun seguro de desemprego para os mariñeiros dos buques de menos de 150 TRB con xubilación obrigada aos 60 anos e voluntaria aos 55.

PERSPERTIVAS

Cando a dia dez de febreiro ainda non se sabe nada dos tratados pesqueiros que afectan á flota española e galega, xa anda Campsa a anunciar unha baixa de peseta e meia non précio do Gas-oil. Baixa que so se lle ocurriu agora, non cando foi demandada polos pescadores.

Non deixa de ser significativo que hai armadores que non comparten a política pesqueira do Goberno e que fan sérias críticas da competéncia dos cargos do Ministério de Agricultura e Pesca. Por riba pensan que os barcos de fresco poderian ter doble tripulación, co fin de que non se detuvesen nos portos e poder reducir o número de buques, cara a baixar o esforzo pesqueiro. Dese xeito os seus gastos disminuen, mantéñense os postos de traballo e coidáse o caladeiro.

Hai que valorar este paro na sua xusta medida, na total falta de previsión dos estamentos administrativos e meter toda a pesca no mesmo saco de traballo. Asi temos que mentres se produciu este "descanso obrigado" os sardiñeiros de Foz non van ao mar, os palangreiros e volanteiros de Burela, Cariño, Cedeira, Aquiño andan a pelear entre eles, que os palameteiros sairon do porto duràs penas tras chegar a acordo cos seus mariñeiros. E mentres pasa todo isto, acordo con Canadá xa está a ponto de caducar.

A crise pesqueira —sí, que a hai— pasa pola regulación internacional de tratados pesqueiros en condicións duradeiras, que non sexan feitos "para apagar lume", que se poidan cumprir. No aspecto de baixura costeiro, convén unha regulación que non parece chegar na que deberian ter voz organizacións mariñeiras e patronais. Doutro xeito, facer unha lei sen contar con eles é pouco menos que levala ao fracaso.

Téñase en conta que sen adecuadas regulacións de baixura e da pesca en augas internacionais, todos os que dependen da pesca, (conserveiros, fábricas de rede, tolleres, asteleiros, cordeleiros, proveedores de víveres, efectos navais, de material e maquinária, estibadores, etc.) van ver moi negro o seu panorama. E son mais de trescentos mil ao persoal que depende directa ou indirectamente do mar.

XOSE CURRAS

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Relato veridico da enesima crise municipal coruñesa

Algúns cronistas contaran que o alcalde Merino foi o primeiro de esquerdas botado -indirectamente- polos viciños; outros diran que o botaron -se o botan- os periódicos, e se as duas apreciacións son rigurosamente inexactas, a segunda achegase moito máis a verdade. O catálogo de presuntos culpábeis non remata ai, e iránse mencionando por rigurosa orde de intervención.

FOTO X. MARTINO

A crise da corporación municipal coruñesa foi un pleno no que, os viciños, sen voto pero con voz, berráronlle ao concellal do PSOE, Carreira (outro protagonista do que se falará mais adiante) que pediu nomes e tuveron, cando os concellais da direita (PSOE incluído abandonaron o acto, un roce verbal e físico co edil ucedista e presidente da Diputación, Enrique Marfany que calificou a movida viciñal de "inadmisíbel"). De imediato, a prensa local fixo un grandioso despliegue: Merino, que xa pode ir a Venezuela, entrevistarse con Pujol ou poñer primeiras pedras no estádio de Riazor, que non liga nunca unha primeira plana, sae retratado a duas colunas e con grande releve tipográfico pedindo a sua cabeza ou, no seu defeito, a sua dimision. Fálase, por quen menos debería falar do tema, de "actos vergonzosos en el ayuntamiento", sacan ao alcalde xogando ao futbol cun pé de foto que di "se acabaron los regates', e pregúntase que demo fai a corporación que non o bota. Imediatamente, o citado (arriba, na crónica anterior e de seguir asi, en todas as seguintes) Carreira toma o mando dos índios e asedia ao sherif que para colmo, vai e agarra unhas fabres. "Domingo Merino está máis só que nunca", declara o home que máis soñou coa alcaldia da Coruña. Polo que logo se viu tampouco el estaba excesivamente acompañado, porque o tufo persoal que destila a candidatura, o abandono descarado dos Pactos do Hostal (dos que, facendo honor á denominación hoteleira, todo o mundo entra e sae cando quer e diso sabe moito o galeguista Sabell Garcia que coida que está nos pactos ou non, que coida que qué fai un interclasista como el coa xente de esquerdas, e remata por non saber sequera se está ou non no partido en que di estar) que supón a cousa e o aire conspirativo de apaño coa direita, entre outros factores menores, queiman a Carreira como alternativa por alguns lustros. No mesmo periódico o mesmo comentarista falaba de que " a grande crise da cidade nada ten que ver co goberno inoperante dunha maioria democrática novata nen co hipócrito estrangulamento polo partido Gubernamental dos creditos necesarios para o presuposto extraordinário. Ate de Alvedro se esqueceron os coruñesistas de toda a vida diante do perigro número un: desbancar ao primeiro alcalde elexido popularmente desde hai meio seculo".

Por estes dias, nas páxinas da Coruña do mesmo diário, aventúrase outro candidato: Antonio Carro, tamén do PSOE. Disto e das conversas dos firmantes do Pacto do Hostal para solucionar a crise dentro da maioria de esquerdas (aqui si que se aponta Sabell Garcia), a prensa local non se entera moito ou fai que non se entera, o bombo do comezo ("a campaña de papel contra Merino", que titulou un colega) foi sustituído por unha musiquiña de fondo con estribillos repetidos de "la crisis sigue abierta", "sigue la crisis", ademais do consabido "compas de espera". No seu esforzo clarificador, mentres os de esquerda non se aclaran e Merino segue na cama, un deles, o de maior tirada, confina a información da crise municipal dunha das duas grandes cidades de Galícia as páxinas locais, mentres que nas xerais destaca a autorizada opinión dos tres últimos alcaldes franquistas (para quen non lembre o sistema, elexianos a dedo), ainda que algun recoñeza "ser el menos indicado para opinar de la problemática municipal" e algun outro, ou o mesmo, teña ainda pendente -como recordan os que queren recordar- unha denúncia por corrupción. A xogada hábil de relegar determinadas informacións a páxinas de difusión limitada xeográficamente non é precisamente nova (cando "Amigos de la Coruña" berraba polas ruas "¡Capitalidad o muerte!" nas edicións de Vigo e Santiago a cidade estaba en calma, e cando o PSG di que na zona de Ferrol cos alcaldes que poda o mesmo que lle queren facer ao seu os ferrolanos poden tremar, mais os coruñeses seguen no mellor dos mundos). O outro diário limítase a pedir intermitentemente a dimisión. O PSOE participa nas conservacións que manteñen os dos Pactos do Hostal, non firman unha oferta do PSG de negociar todo entre todos (mesmo a alcaldia), porque naquel momento tiña apalabrada coa direita a toma pola via rapida, leva aos socialistas galegos aos tribunais e acaba enfrentándose coa executiva nacional. E a Carro parece ser que lle interesa máis o Parlamento de Galícia. Bloque e POG intercambian acusacions e seguen apoiando ao alcalde, mentres o PCG fai contínuas chamadas á unidade. UCD e CD, que pediron xunto co PSOE a dimisión no seu momento, calan e esperan, sabendo que o tempo traballa a favor seu e que o progresivo deterioro da situación municipal non pode máis que beneficialos. Polo que parece, a solución, cando remitan as febres.

XOSE DE CASTELO

crónica política

Nestas tres semanas que estuvemos sen contacto cos nosos leitores houbo sérios acontecimentos capaces de evidenciar a necesidade dunha prensa, dun semanario como A NOSA TERRA. Ante tanta irresponsabilidade, demagóxia, encirramento e irracionalismo no tratamentó das noticias, dos sucesos que, precisamente pola sua gravedade, debian ser mirados e analizados cun minimo de prudencia, unha voz discrepante, por pequena que seña, unha voz analizadora e non ao servicio dos intereses dominantes, unha voz nacionalista, é sempre garantia de achegamento, sen prexuicios e sen falsos moralismos, ao acontecer conflitivo das nacións do Estado, especialmente a nosa.

Este siléncio, obrigado por circunstancias ben alleas a nós e, por certo, ben indicativas das trabas, impedimentos e cortapisas de toda caste que ten un organo de información popular non pro-imperialista, desacougounos porque nos deixou orfos dun meio de comunicacion fundamental, cando menos cunha ampla base social co esforzo da cal se está a construir toda unha liña informativa e a única prensa galega existente. Estamos seguros que tamen os nosos leitores sentiron, nesta ocasión como nunca, a nosa auséncia, decataronse da nosa necesidade.

* * *

A opinión publica esta sendo sometida a unha forte campaña de intoxicación anti-vasca, na que os meios de comunicación cumpren un sabroso papel. A visita dos Reis de España a Euskadi e os acontecimentos que ali tuveron lugar foron tratados cunha falta total de ecuanimidade cando menos formal. Primeiro porque e totalmente lexitimo non comulgar coa institucion Monarquica; segundo, porque a viaxe foi preparada cun claro sentido de intimidación e consolidación da alternativa autonomica frente aos proxectos autodeterministas; terceiro, porque ninguen descoñece a traxectória de represión policial que está a padecer o pobo vasco, practicamente sen solución de continuidade desde, cando menos, a guerra civil, por non irmos máis lonxe cuarto, porque ninguén comentou o comportamento realmente histérico, na Sala de Xuntas de Gernika, dunha parte considerábel dos parlamentarios do españolismo e do seudonacionalismo, nen tampouco sinalou, non o sangue frio do Rei, senon a sua total disposición a contemplar, cun ar irónico ben impróprio, o que debia ser soportado con respeto ou o que sinxelamente mereceria unha suspensión momentánea do acto: a entonación do Eusko Gudari. Non queremos falar, polo demais, do comportamento pouco edificante consistente en tirar da Sala a couces e pancadas a parlamentários electos democráticamente, violando unha lei fundamental que pomposamente todos enuncian. Realmente, os sucesos de Gernika máis que facer cavilar sóbor da correcta ou incorrecta actuación duns parlamentários independentistas, alarma polo que teñen de indicativo de até onde pode chegar a cegueira, a xordeira interesada, a asunción displicente do seu papel de represores e comparsas por uns partidos políticos, presuntamente de esquerdas, que se prestan a cerimónias, a finalidade das cales é, cando menos, dubidosa.

Xulgar os sucesos de Euskadi, botando leña ao lume, incitando a reaccións emotivizadas e previamente manipuladas, por falla dunha mínima análise política dunha situación que non é a nosa -afirmación na que non vai implicita nengunha valoracion positiva ou negativa, senón só a constatación dunha diferéncia- unicamente serve aqui e agora para a consolidación dos prexuicios, mentiras e enganos cos que se ten atada a unha parte considerábel da opinión pública.

Paros, manifestacións, comunicados de protesta....

A resposta do pobo galego a represión Lingüistica



FOTO ALBAN

A xornada de folga do pasado dia 30, a manifestación en Padrón o pasado dia 1, os comunicados de apoio, multitude de telegramas e accións de diverso tipo, foron a resposta do pobo galego á represión que a Administración está exercendo contra o ensino en galego que se manifestou ultimamente nos dous expedientes a dous mestres de Dices-Rois. Unha acción maioritária como a que se realizou nestes dias pasados é a mostra máis real do rechazo ás medidas represivas e o apoio ao uso da nosa língua.

Unha forte campaña promovida por algunhas Asociacions de Pais e todos os organismos oficiais tentou por todos os meios de convencer a opinión pública que os nenos "teñen o direito de aprender en castelán e que os maos son os mestres que ensinan so en galego". Con xeitos moi ben preparadiños trataban desde todos os angulos de crear un clima antigalego a partir da represión contra os mestres de Dices-Rois e a separación da mestra Xosefa Baamonde da docéncia. Os meios de comunicacion deron a coñecer cartas de todo tipo que, pese aos manexos, demostraron un gran debate. Pero nisto non se podia quedar a resposta dun pobo cando lle chantan un dardo. Por iso convocáronse diversas accións populares para presionar a Administración e para que os que defenden o direito dos pobos a usar a sua lingua puderan facelo publicamente. Neste senso, celebráronse dous actos que contaron cunha participación masiva: a folga do ensino o dia 30 e a manifestación celebrada o dia 1 en Padrón.

AS MOVILIZACIONS

A folga convocada para o dia 30 contou cunha masiva participación e, segundo o comité de folga, máis de sesenta mil alunos da Universidade e de ensino meio deixaron de asistir as clases. Este mesmo dia realizáronse duas concentracions, unha en Santiago e outra na Coruña, que foron reprimidas pola policia e sendo detidas oito persoas, polo simple feito de manifestarse.

Unhas dez mil persoas, que acudiron desde toda Galícia para mostrar a sua solidaridade cos mestres expedientados e para esixir a normalización do galego, manifestaronse polas ruas de Padrón o pasado dia 1, esixindo a volta a docéncia da mestra separada do ensino e mesmo que cese todo tipo de represión Pola gran concurrencia este acto foi un dos mais importantes dos que se celebraron nos ultimos tempos.

Ao mesmo tempo e mentres estes actos se levaban a cabo, numerosas mostras de solidaridade producianse en todos os pontos de Galicia e mesmo doutras nacions do Estado.

ACCIONS A LEVAR A CABO

A agresión contra un dos direitos mais elementais da persoa tamén tiña que levar unha loita en todos os campos. Por iso, segundo nos informaron, estableceuse contacto coas delegacions da ONU e da UNESCO en Madrid e Barcelona para denunciar a represión lingüistica en Galicia. Estes organismos tramitaran o caso, publicárono en diversos meios de comunicacion e espallárano de diversos xeitos. Tamén a Academia da Língua Vasca e a Academia da Cultura Catalana pronunciáronse sóbor do conflito, asi como o presidente da Comision dos Socio-lingüistas Europeus, que presentará no proximo congreso unha ponéncia sobre a situacion en Galícia. A isto hai que engadir a interpelación ao Goberno que fara Sagaseta, diputado de Union do Pobo Canario, sóbor da represion que están a sofrer os mestres que imparten o ensino en galego.

Como accións imediatas intentase entrevistarse co Conselleiro de Cultura da Xunta, dacordo coa cal se plantexaran accions a levar, segundo nos manifestaron representantes da UTEG (ING-CTG).

Neste contexto tamén se emarcará un simposium sóbor das linguas oprimidas en Europa Occidental que se celebrará na semana das Letras Galegas. O mesmo tempo, o 17 de maio, celebrarase un acto sobor da liberdade de expresión en galego.

O pobo galego resposta e seguirá a respostar contra a represion que se exerce de cotio sobre o direito ao uso da nosa língua.

CANGAS DE MORRAZO:
O alcalde segue na defensa de viciños infractores

Hai pequenos problemas que non semellan ir máis aló dunha pelea entre viciños, unha máis das moitas que hai. Non obstante no camiño de subida ao outeiro de Xan Pérez na parróquia de Darbo, en Cangas. as pingas chegaron ate a Corporacion e mollouse o Alcalde que non sabe o que vai facer para meterse a defender a xente que supostamente comete infraccions urbanisticas.

Desde que na primaveira de 1979, o señor Xosé Fernandez Fernandez, industrial, e mais a sua dona destruiran o devandito camiño os viciños denunciaron a situación ao presidente da Comisión de Obras do Axuntamento, señor Bon (PCG) porque non se podia pasar por il. Este dixo que arranxaba o tema deseguida. Un mes despois mandou ao inspector de obras e o señor alcalde aconselloulle aos viciños por un interdito de obra.

Asi as cousas o señor Bon comeza a darlle largas ao asunto e pídelle firmas que avalen o uso público do camiño. Deste xeito en Xuño presentáronse 55 firmas e várias escrituras (unha de 1907) que falan de propriedades que lindan cun camiño, nunca con outras propriedades.

En novembro deronlle licéncia ao señor Fernandez para facer un muro, sen ter en conta o escrito dos viciños e sen sequera contestarlle. Claro que o señor Bon dixo nunha permanente que os viciños foran falar con el para coaccionalo.

Con todo isto e desde que comezou o lio xa perderon varios xuicios por agresión aos viciños os supostos invasores, que tuveron a maior parte das veces como abogado defensor ao señor Xosé Chapela, alcalde de Cangas.

PROBAS ESCONDIDAS

O dia vinteseis de xuño do 1980 o axuntamento en pleno decide pedirlle ao letrado señor Nogueira Romero un ditamen de asesoramento, e este faino a favor dos supostos invasores do camiño, alegando que as unicas probas presentadas polos denunciantes son as suas proprias declaracións, mentres os outros teñen as de moitos viciños firmadas ao seu favor. Feito que deixa ben as claras que o documento que no rexistro de entrada do Axuntamento leva o número 1966 non lle foi enviado ao letrado, e iso que levaba un ano nas oficinas ou nas carpetas. ¿Por que se ocultaron estas probas se habia que emitir un informe e o letrado necesitaba os maximos elementos de xuicio?.

Nen o señor Bon nen o señor Chapela poden dicer que non coñecian os documentos xa que foron eles mesmos os que pediron as firmas. Deste xeito, o tema no se resolveu no pleno municipal do dia 25 de setembro e os viciños interpuñeron un recurso de reposicion do dia quince de Santos (ultimo prazo, para evitar que puñeran outro a parte contraria por posíbeis "filtracións munpais'). Este recurso aind non ten resposta.

O grave de todo o tema xa non e que un viciño se aproprie ou non dun camiño que ven citado como limite en várias escrituras, mesmo nas de quen el comprou para ampliar os terreños seus ou dos seus parentes. O problema e que está en xogo un bem de património municipal, un direito secular dos viciños que sempre pasaron por ai e por el sacaron aos seus mortos.

PREGUNTAS SEN RESPOSTA

Nese camiño, no tramo baixo déronse licencias que obrigaron sempre aos viciños a separarse determinada distancia do eixo do camiño que significaba "de facto un reconecimento do uso publico do camiño por parte dun axuntamento que agora o pon en dubida.

Pero ainda hai mais: se aquilo e un camiño publico ou sexa, un ben municipal ¿que fai o axuntamento que non se pon a investigar por sua conta unha suposta apropriacion indebida de bens municipais, de património público? ¿Por que lle dá a iniciativa aos viciños e por riba oculta as probas por estes presentadas?

Fica agora sinalar que este camiño pasa por rente da propriedade dos familiares de Xose Fernandez antes de unirse co camiño de Santa Marta e que por aló pasou sempre a xente, tal e como deixan dito persoas de máis de oitenta anos que nunca souberon —segundo ou tra testemuña— se era porque lles deixaban ou porque o camiño fora publico. Pero esta a pregunta ¿Que ten que ver o terceiro cacho do camiño co que Xosé Fernandez mercou a outro viciños e que agora intenta pechar para seu uso persoal?

X. C.

PERFECTO CONDE

"Déronme unha paliza brutal"

O pasado 21 de Xaneiro o periodista Perfecto Conde sufira unha brutal paliza de mans da policia nacional que o detuvo de madrugada cando saia de tomar unha copa. Foron moitas as versións que se deron, trantando a maioria delas de "encher de merda" a Conde. Hoxe está en A NOSA TERRA para esclarecer os feitos que lle sunuxeron a clavícula rota e o corpo todo magullado e para opinar sóbor da ola represiva que nos últimos tempos está sofrindo o pobo galego.



FOTO ALBAN

Cóntanos o que pasou na madrugada do dia 21 de xaneiro.

O que aconteceu foi que fun tomar a copa que tomaba, e espero voltar a tomar todos os dias, nun pub que abriron cinco amigos meus. Logo de estar ali un cacho grande chegou o Alejo, que era a primeira vez que entraba nese bar. O Alejo estaba pacífico ese dia, armou algunha gresca, pero mui pouco, xa que non pasou nada ali. Eu, que coñezo ao Alejo de toda a vida, metinme polo meio para dicerlle que isto era un bar de amigos e non hai que armar gresca, e para animalo a que se fora dali, porque xa ia a ser fora de hora, dixen que me ia e que el se queria quedarse que se quedara, pero que non era sitio de armar gresca. Entón el veuse detrás, porque andaba dicindo que lle buscase sitio para dormir, que o levase a dormir a casa,.... Ao sair fora, dalgun xeito chameille a atención decindolle que parecia mentira que viñese aqui a crear problemas, onde os coñecia a todos e sabia que non lle ian facer daño nunca. Entón houbo a típica discusión na que me dou un repuxón e tuven que apoiar o pé na porta rompéndose o cristal. Neste intre en que nos estábamos discutindo chegou o coche patrulla.

E foi entón cando che pegaron....

Baixáronse en plan asoballante e a min botáronme as mans aos brazos e pedíronme a documentación; Dixenlles que se non me soltaban dificilmente lla podia dar e se querian collela que a levaba no bolsillo. Pedinlles explicacións do que estaba pasando, para intentar que aclarasen a situación e listo. Entón dixeron: "Hala para o coche" e resistinme a que me levasen á comisaria porque a miña documentación estaba ali e posto que non pasaba nada non via as razóns. O que máis me molestaba era que me tratasen como un can, pero o que non me imaxinaba era o que viña despois. Naquel entón xa me deron uns porrazos nas pernas e metéronme a empuxóns no porta-equipaxes do coche. Leváronme á comisaria, empezaron a darme..... Eu pregunto que pasa, "por qué facedes isto" "aclaremos a situación"..... pero cada vez que eu abria a boca eles pegaban máis.

Eles din que lles chamaches fillos de puta, cabróns...

Eu supoño que será verdade, pero o que me gustaria saber, se che están dando unha paliza 5 ou 6 tios de uniforme e ti ali indefenso e só, é se lles hai que dar un ramo de rosas. Imaxino a calqueira nesa situación e non creo que a ninguen lle estrañe de que lle insulten. Se eu lles dixen algo foi unha vez que me aporrearon ou cando me estaban aporreando, antes non se me ocurre chamarlle nada a un policia nacional, porque sei que levo as de perder e porque sei que esa non é a miña guerra. Eu sei onde se lles poderian chamar cousas sen estár só e sen ser as 4 da mañá, pero, vamos, eu non son masoquista.

"A miña opinión persoal é que estes tios estaban esperando unha ocasión boa para darme a malleira. Ademais eles sabian a quen lle pegaban e coñecian a miña condición de periodista".

¿E en qué consistiu a paliza?.

A paliza foi xeral e autenticamente brutal. Recebin paus, patadas, empuxóns, os insultos que din que lles chamei eles dixéronnos a min multiplicados por moito. O grito de guerra deles era a frase dun que berraba "os fillos de puta como a ti hai que matalos a todos" e a continuación viñan todos encima. Dejxáronme totalmente atrollado. Non sei se perdin o coñecimento ou non, pero o que si sei e que hai partes desa siniestra história que eu teño nunha total nebulosa. Non sei exactamente os que me pegaron, ainda que si podo afirmar que non participou ninguen de paisano na paliza e que logo de darme a primeira parte tiráronme nunha celda onde había outro rapaciño, gracias o cal puden sobrevivir un pouco cómodo, porque deixáronme co hombro roto e tiña dificuldades para moverme. Cada vez que me chamaban para sair da celda a ningun deles se lle ocurriu botarme unha man para axudarme a erguer. Menos mal que este rapaciño me axudaba a todo.

¿.....E ti, non pediches un médico?.

Eu tiña duas dores moi intensos, que era neste hombro esquerdo e na parte de abaixo da coluna. Eu dicialles que xa que me puñeran asi que me levasen a un médico. Necesitaba que polo menos me quitasen o dor, pero non me fixeron caso durante moito tempo. Logo acordáronse, viñeron e puxeronme as esposas e cargáronme como un fardo no porta-equipaxes e fomos o hospital, onde cain nas mans dun médico como eles ou pior. Este médico, Torrechuli, tocábame e eu tiña un dor mortal. Pedinlle que fixesen o posíbel para que me quitasen as esposas, pero respostou "yo te puedo ver igual con las esposas puestas". Os grises negáronse a quitarme as esposas e eu contesteille ao médico que non habia no mundo que me puñera as mans derriba do corpo coas esposas postas.... porque nestas condicións o pacente non aceita. Logo leváronme á comisaria outra vez e á celda n. 5. Ali foi o primeiro momento de desmorone psicolóxico e mentres seguia sangrando como un carneiro. Logo dunha hora voltáronme a levar ao hospital. Eu díxenlles que se querian verme coas esposas postas que aforrábamos o viaxe. Leváronme sen esposas uns grises que non estuveran antes e que non estaban moi enterados da situación. Miroume o mesmo médico e viume a clavícula rota. Puñéronme o ieso que levo e á comisaria. donde ainda o cabo primeiro voltoume a dar un puñetazo na cabeza ferida, que me acababan de curar e, claro, voltou a sangrar.

¿E pensaches en pedir un abogado ou non che deixaron exercer ese direito?.

Eu estaba trollado dos golpes e pedin que me deixasen chamar a un abogado. O cabo de moito tempo un gris levoume ao corpo de guardia e tratei de chamar a un abogado de Madrid, pero como non tiña o teléfono ali non me deixaron chamar a información de Madrid. Entón tratei de chamar a Alexandro Otero, pero non contestou, xa que non estaba na casa. Os grises quedaron en que xa chamarian eles e que me avisarian, peor ao final ninguen me fixo caso. Logo Alexandro Otero estuvo ali, pero non porque o avisaran eles senon porque uns compañeiros de EFE víronme e chamáronno. Por fin as tres da tarde chamáronme a declarar, pero eu negueime exercendo o meu direito. Logo non me voltaron a avisar para nada, ainda que algunha xente me levaron cousas e non me avisaron até que sain ás 5,30 da tarde cara o Xuzgado . (Durante o tempo que estuvera na comisaria só deixaran entrar a A. Pousa). No xuzgado tomáronme declaración e puñéronme en liberdade.

"O grito de guerra dos policias era: aos fillos de puta como a ti hai que matalos a todos".

¿Pudo influir a tua condición de periodista para que te golpeasen dese xeito tan brutal.?

Non o sei, ainda que quero deixar claro que sabian a quen lle pegaban, porque levaba a documentación, que viron, e además nun descanso da paliza eu ouvin un berro dun policia que preguntaba onde estaba o periodista. Enton tiña dados suficientes para saber a quen lle estaban pegando, ademais de que o grito de guerra era "os fillos de puta como ti hai que matalos a todos" Eles sabian que era e que a miña profesión era a de periodista. A miña opinión persoal só se pode entender pensando que estes tios estaban esperando unha ocasión boa para darme a malleira, porque nunha detención corrente ou nunha carrallada nocturna non che dan unha paliza como esa a non ser que haxa algo específico. Outra cousa é que non pensaron nas consecuéncias, porque non saben cando hai que parar de pegar para que a clávicula non rompa. Este foi un meio para que eu me poda mover contra deles, porque hai unha clavícula rota e o corpo trollado, que non é para botarse a reir.

¿Pensas que tuvo relación algun traballo teu no que falases deles?.

Eu o que si sei é que fai dous anos largos recebo chamadas ás veces ás cinco da mañá, e ou ben colgan imediatamente ou a veces chámanme fillo de puta, porco..... Tamén sei que por implicar a policias en Lugo no caso de Niñé, houbo queixas policias pero eu non sei

(Pasa a páx. seguinte.)

(Ven da páx. anterior.)

se son eles e se o fixeron por estas razóns.

Ti foras interrogado e detido en Madrid cando a ditadura ¿Qué diferéncia houbo no trato?.

Levo vivindo 10 anos en Santiago, dos cales 5 paseinos na ditadura e cinco na democracia e aqui non sofrin nengunha detención. Isto sóbor de todo quero dicirllo aos que trataron de embadurnarme de merda, mesmo nos periódicos, dicindo que se estaba co Alejo, que facia con el.... Eu andaba sen facer nada grave e ainda que o fixera non era para que me tratasen asi. Amin nunca me detuveran aqui, non obstante estudando e traballando en Madrid si fun detido até cinco veces cando a ditadura, e que conste que non son dos que digo que con Franco se vivia mellor, pese a ter cargos graves por andar metido en política naquela época, nunca me pegaron. Interrogáronme pola miña militáncia non Partido Comunista, que deixei no ano 68, pero nunca me puñeron a man enriba.

FOTO ALBAN

O dia seguinte a prensa daba a notícia ¿qué che pareceu o seu enfoque?.

A verdade é que fixo sentir vergoña do ofício ao que perteñezo. Aqueles dias entendin máis que nunca na miña vida o que é a manipulación informativa.

Pero animariate a solidaridaridade dalguns profesionais, ¿ou non?.

Si, concretamente o dos 60 que pediron un esclarecimento dos feitos, pero mesmo destes teño dados de que algun foi responsábel da información que deran, Logo tamén me animou a postura de Interviu, que se portou moi ben e El Pais, que non se portou tan ben, pero que tampouco hai queixa.

"Hai un intento da direita de limitar as liberdades individuais e colectivas de cara a conseguir unha sociedade máis controlada".

Logo a solidaridade dos partidos políticos.....

Este foi o factor que máis me axudou a que o meu ánimo non se fundira totalmente, porque foi importante a reacción dos 60, contrarrestada por outros compañeiros que trataron de encherme de merda, co que quedou neutralizada. Valoro isto, pero o que valoro moitísimo é a postura dos partidos que se pronunciaron. Non me sorprendeu, pero tampouco me sorprenderia que non a houbera.

Eu non fago propagnada de nengun e mesmo algun dos partidos que protestaron ao mellor non teñen nada que me agradecer. Pero a magnifíca declaración da UPG, de Esquerda Galega, do MCG e a promesa do PC-PSUC de preguntarlle ao Goberno que pasaba con esta história, deume moral. A prensa non publicou apenas nada só unha referéncia do da UPG, que era unha análise magnífica e que esqueceron. Tamén esqueceron o de Esquerda Galega, que nen o mencionaron. Tamén teño que dicer que mesmo algun dirixente menor da UCD se preocupou. En xeral a preocupación dos partidos penso que hai que resaltala. Eu se non chego a ver esas reaccións estaria desesperado e a nivel persoal foi o que máis me animou.

¿A nivel formal como se topa o caso?.

Iamos presentar querel por non tomar carta no asunto o xuez, que despois ord nou a revisión a fondo, entó o camiño legal nesas circunstáncias e "personarse com acusación privada" e está asunto no xuez. A acusació privada facémola contra po cias nacionais que puder participar nos feitos a es horas neses sítios.

¿Como emarcas este fei na represión xeral que se es dando a todos os niveis?.

Lamentabelmente non unha anécdota. A min peg ronme esta paliza e serv para que eu recordo que vi nun país onde se pegan pa zas nas comisarias. Un m antes pasara o caso do prof sor Cancio, e máis casos q que non se fala, como moit rapaciños que nen seque teñen abogados e aos que l pegan. Esta é unha situació que o Goberno está dand cunha volta cara a represió Hai un intento da direita d limitar as liberdades indi duais e colectivas, de cara conseguir unha sociedad moito máis controlada.

XOSE AMADOR

Tres novos mortos ten na sua conta a "Electra del Jallas" tras o accidente ocorrido en Brens-Cee o pasado quince de Xaneiro. Tres novas vidas ás que hai que sumarlle os dous mortos no ano 1976 no cruce da estrada de Fisterra coa de Muros e as duas mulleres, nai e filla, nunha descarga dunha lavadora en Muxia.

FOTO TINO VIZ

Os fios do Jallas fan por todos os lados cruces de morte.

CEE

"Electra do Jallas"

Tres mortos mais nos seus tendidos

A NOSA TERRA xa ten denunciado o estado das liñas e das instalacións do Xallas que deica agora non foron melloradas.

PROTESTAS POPULARES

Os viciños xa teñen mandado, avalados por mais de 2.000 firmas, escritos á Xunta de Galícia, ao Gobernador Civil, ao Ministerio de Industria , pero deica agora non lle fixeron caso.

Noutro orde de cousas, os viciños de Sembra, Roiba, Cabaleriza e Cantorna, lugares da parróquia de Toba do municipio de Cee presentáronse o venres dia dazaseis nas oficinas de "Electra del Jallas" en Cee para protestar pola sua particular situación. Cando chegaron atoparon as portas pechadas (era o dia do enterro dos tres obreiros do taller de "O Caramuxo") e o alcalde, Manoel Lamela, prometeulles unha entrevista para o mércores seguinte co director da compañia.

A estes lugares retiráronlle hai mes e meio, aproximadamente, o transformador que tiñan aló coa excusa de que se queimara, trocaron a liña de tres fases a duas e os deixaron sen enerxia suficiente para os electrodomésticos, as ordeñadoras, sen luz para estudar os rapaces... *"Imos ter que retiiar os nenos da escola* —dicia o viciño Norberto Fandiño, *xa que non poden estudar".*

Por Cartorna, segundo os viciños, andan os cables polo chan, no meio das fragas e dos piñeiros, con postes podres como se pode ver no cruce da estrada Pereira-Lires coa pista que vai a Cantorna.

O SEÑOR DIRECTOR

Cando esperábamos ser recebidos polo alcalde de Cee saia da reunión cos viciños de Toba o director da compañia eléctrica, Sr. de Santiago.

En primeiro lugar negou que houbera cables polo chan en nengures. Cando se lle preguntou se era consciente da má situación das liñas eléctricas o único que se lle ocorre foi dicer que a empresa era moi anterga e que as liñas, por iso , están mal.

O alcalde, señor Lamela, tras a reunión explicounos o que acontecera. Dixo que o director de "Electra del Jallas" prometeulle arranxar o problema da parróquia no prazo dunha semana. Logo vaise modificar a liña para traela en alta até Cabaleriza, onde antes de comprar o Xallas a liña xa tiñan trifásica. logo iria en trifásica a Sembra, e meterian aqui un transformador novo para darlle servício ao matadero e ao lugar. Todo isto, nun prazo "prudencial", segundo verbas do alcalde.

O DERRADEIRO ACCIDENTE

Hai certas notícias, non confirmadas, que din que a liña onde morreron os tres obreiros xa estaba retira pero que a concetaron pro soriamente por arranxos nova. Todo sen avisar, claro

O dono da casa, Sr. Ca breiro, confirmounos es ponto e díxonos tamén q el xa lle pedira de palabra director de "Xallas", no a 1972, que retirase as liñ xa que tiña pensado fac a sua casa.

De remate está o ple da corporación do axunt mento de Cee no que voltaba a manifestar a pre cupación pola situación tendido eléctrico e a pe responsabilidades a "Ele tra del Jallas" pola morte d tres obreiros e a esixir Goberno Español a dimisi dos reponsábeis da perpetr ción desta situación des situación do seu cargo p blico. O concellas de UC dixo quelogo o "Xallas" n daba pasos para arranxar problema, votaba a fav da moción do BN-PG. P a contra o membro da Un dade Galega vinculado Partido Galeguista dixo q aquilo era unha moción opo tunista e que non se debia levar a un pleno extraordin rio....

Sábese tamén que a s ministradora de enerxía t solicitado permiso para co cr a liña onde se produxo accidente baixo terra. ¿E l go que esperaba?, ¿qué m rrera máis xente?.

X. C.

ABSURDO NACIONALISMO ESCOLAR VERSUS COERENTE POLITICA ESMAGADORA

MANUEL DIOS DIZ
Secretario xeral da UTEG (ING–CTG)

Ao decidirme a escreber esta réplica a "La Voz de Galicia", espácio "Opinión Pública" sei de antemán as dificultades, obvias, para a sua publicación e, asimesmo, que esta posíbel polémica que ínicio, voluntariamente non vai ter igualdade de trato, pois sabido é, que os "anónimos" de Ultreya gozan de enormes facilidades, nese diario, dando a impresión de ser auténticas editoriais. Non obstante, sinto a necesidade de contestar. Síntome na obriga de clarificar, ao menos no posíbel, sen acritude, coñecendo a fondo o tema, coas cartas boca arriba, sen anonimatos, o artículo que sob o, ilustrativo, título de "Absurdo nacionalismo escolar" publicaba, este periódico o 21 de Xaneiro, firmado polos citados Ultreyas



Para os que coñecemos quen se oculta tras do anonimato e nos recrean, habitualmente cos seus lúcidos comentários políticos e sindicais non nos extrañan as opinións vertidas no último escrito. Desde fai tempo, Ultreya ven manifestando públicamente opinións clara e rotundamente antinacionalistas, iso si, rodeandoas de precioso celofán: responsabilidade, madurez, moderación e democrácia frente a radicalismo, agresividade, imadurez dos opoñentes a quen se pretende descalificar.

Non dubidamos de que é un método que dá os seus resultados sobor de todo porque son sabedores de que os criticados poucas oportunidades teñen de rebater os seus, chamémoslles, argumentos, desde a igualdade de trato.

Sen máis preámbulo limítome a puntualizar o seguinte:

1.- Ninguén dos que, desde o primeiro momento, nos opuxemos ao Decreto de Bilingüismo pretende a galeguización **A TODO TRANCE** pasando por encima ou por debaixo da vontade dos pais como afirma Ultreya. Tan só defendemos o que consideramos un direito irrenunciábel, humano, democrático como é liberdade para expresarnos no noso idioma.

Os pais son parte previamente manipulada por centos de anos de ridiculizar e proibir a nosa língua. Polo tanto non poden ser xueces de algo sóbor do que teñen a opinión imposta polos que durante séculos reprimiron a nosa língua e cultura. Como moitas veces di Ultreya, "seamos sérios" Aqueles que pretenden someter o uso do noso idioma á vontade duns pais previamente manipulados o que intentan é continuar asoballando a nosa língua, iso si, agora, "democráticamente".

2.- Teñen toda a razón os de Ultreya cando din que este conflito, hoxe localizado, pode proliferar converténdose nun auténtico problema social. Desde logo que, por desgrácia vai proliferar, ai están senon as novas denúncias no C.N. de Carnota e non nos esquezamos da de Foxo, Nigrán... no curso pasado.

Pero non é que isto vaia a converterse agora nun problema social. Xa o é ainda que se siléncie. Desde sempre a represión lingüística foi un problema social en Galícia (Castelao ten páxinas maravillosas sóbor do particular). ¿Cómo explicar entón que o galego perdera tantos usos e funcións? ¿Ou é que o noso idioma pacífica e casualmente foi cedendo ante o español? Causas económicas e sociais que non necesito enumerar son a bàse real da represión lingüística no noso país.

Por moito que pataleen os de Ultreya seguirá sendo un problema social, seguirá habendo represión lingüística e galegos que non renuncien as suas raigames máis fondas até conseguir todos os usos e funcións que o español lle ten usurpado ou no caso contrário até a desaparición total, como mostran exemplos abondosos de línguas oprimidas e finalmente extirpadas por aquilo de que para rematar cun pobo o primeiro e sacarlle a voz própria.

3.- Minte Ultreya cando afirma que só hai un Expediente. Haidous, ainda que separada das funcións docentes tan só esté Xosefa Baamonde porque segue defendendo o direito irrenunciábel a utilizar o noso idioma como veiculo de trasmisión de cultura, como método para combater o enorme retraso escolar dos nenos galegos; mentres que o segundo expedientado, debido a coacción e a ameaza deixou de impartir as Matemáticas en galego.

4.- Por suposto que entre os que apoian a Xosefa Baamonde non están os partidos aos que se refire Ultreya co calificativo de "maioritários"; léase: partidos de obedéncia estatal e non galegos. Quizais sexa esta unha das razóns que explique o desastre eleitoral destes partidos na última consulta na que perderorn exactamente a mitade dos votos. Quizais manifeste o abandono constante que estes partidos fan dos auténticos problemas de Galícia, entre os que o idioma é contundentemente definitório de a quén se defende.

Grácias que o noso pobo está deixando de comulgar coas rodas de mu íño maioritárias.

5.- O enfrentamento non é cos pais senón con determinados e concretos elementos ruíns, antigalegos e caciques que pretenden utilizar aos pais como armas arroxadizas contra a galeguización do ensino, que encirran ao noso pobo contra a sua própria língua e cultura, que manipulan cos prexuícios e contan con todos os apoios das autoridades, da inxusta legalidade e de comentaristas agradecidos.

6.- Parece indudábel que a sanción a Xosefa Baamonde, aplicando con todo rigor a lexislación vixente, ademais dun castigo exemplar é o caso máis relevante de represión lingüística, un atentado á normalización do noso idioma, un xuicio público a todos os galegos que non estamos dispostos a renunciar ás nosas raigames máis fondas, algo tan escandaloso que sucede no noso país, entre outras cousas, pola propria mediocridade da autodenominada "clase política" que leva a Galícia na sola dos zapatos e lémbrase dela para incrementar resultados eleitorais.

7.- Minte descaradamente Ultreya ao afirmar que Xosefa Baamonde se negaba a contestar aos rapaces que lle falaban en español. O que non pode argumentar a própria Administración que non conseguiu atopar nos 12 anos de servícios da compañeira nen unha só tacha de carácter humano ou pedagóxico o utilizan estes comentaristas. Tampouco é certo que falase exclusivamente de Galícia deixando de lado as matérias que non facian referéncia ao noso país.

O único real deste apartado é que non impartia clases de língua española, por un critério, elemental, de non complicar ainda máis o aprendizaxe dos nenos galegos que deben aprender no seu idioma segundo as normas pedagóxicas máis elementais para logo poder asimilar o español como segunda língua.

8.- Ao longo do seu comentário, Ultreya, non pode evitar que apareza, nidiamente, a sua auténtica posición referente ao idioma, mesmo chegando a dicer que o español é a língua da cultura, do prestíxio social e que aqueles que non reciban ensino nesa língua estarán discriminados e non poderán acceder aos niveis privilexiados dos alunos "castellano-parlantes". Identifica promoción social con língua castellana o cal, ademáis de non ser certo, expresa o eterno complexo do colonizado: imitar o mellor posíbel os usos e costumes da língua prestixiada por creer que ese é o camiño para conseguir o desenrolo persoal, cultural e profesional. Rosalia, Curros, Castelao... dedicaron toda a sua obra a demostrar o contrário.

9.- Se hoxe Ultreya non ten máis remédio que recoñecer que o Decreto de Bilingüismo, onte tan alabado, non é nengunha maravilla, débese á clara oposición que desde a sua promulgación desenrolaron as forzas políticas e sindicais que seguen fieis a Galícia, ao seu idioma e cultura.

10.- Para rematar, normalización significa oficialización, é dicer, recuperación por parte do noso idioma de todos os usos e funcións usurpadas polo español. Garantia legal de poder utilizar libremente no ensino o galego como veículo de transmisión de cultura sen trabas de nengunha caste. E neste intre, concrétase na consecución da liberdade individual do uso do galego, petición dem ocrática e ben moderada por certo.

NACIONAL

notícias da semana

CORUÑA

FOLGA DE FAME DOS PRESOS POLITICOS

Desde o pasado dia catro atópanse en folga de fame os presos políticos da cadea da Coruña en solidaridade cos presos de Herrera de la Mancha que están na mesma situación desde o 22 do pasado mes. Os presos políticos da cadea da Coruña tamén denuncian con este feito a sua situación, xa que entre outras cousas descoñecen os motivos polos que están presos. Nun primeiro intre foran postos en liberdade polo xuzgado da Coruña e aos poucos dias novamente detidos, sen que a Audiéncia Nacional lles imputase cargos. Hoxe atópanse incomunicados co resto e sen acceso a nengunha instalación da prisión que non seña a celda. En situación parecida atópanse outros presos en Vigo e Santiago.

SANTIAGO

O PCG DI SI|O EUROCOMUNISMO

Na última reunión do Comité Central do PCG anunciouse que era moi probábel que no próximo congreso do partido non se cuestione o eurocomunismo e que se propoña unha relación federal co Partido Comunista de España. Segundo o PCG nada fai esperar que en Galícia se produza un caso semellante ao do PSUC en Cataluña.

SANTIAGO

PROTESTAS DOS BECARIOS

Vários centos de estudantes concentráronse o pasado dia cinco frente o Rectorado da Universidade para protestar pola situación que padecen os becários. A redución en 1.052 o número de axudas para o presente curso desencadenou unha fonda protesta que continuará en dias vindeiros. De momento teñen programada unha manifestación para o dia 10. Mentres se produce este descenso nas axudas nunha cantidade duns 29 millóns en comparación co curso pasado, a Administración está potenciando o ensino privado, ao que recientemente se lle entregaron 60 millóns para 5 coléxios privados e 7 para coléxios maiores, tamén privados.

OURENSE

PARO ALARMANTE

Segundo dados do INEM, na província de Ourense hai máis de oito mil traballadores no paro, a maior parte procedente do sector da construción. Este é un dos principais sectores afectados pola actual crise e no caso de Ourense cifráronse en 50 as empresas afectadas polas regulacións e suspensión de contratos laborais. A estas 50 hai que engadir outras 25 de diversos sectores.

SANTIAGO

DATA PARA A RATIFICACION DO ESTATUTO

O próximo dia 17 será ratificado polo pleno do Congreso o Estatuto de Autonomia de Galícia, salvo que ese dia seña a investidura do novo presidente do Goberno. A aprobación desta data fixoa a Xunta de Portavoces do Congreso a petición do PSOE de Galícia a través de Alfonso Guerra. Logo de ratificar o Estatuto o Congreso, pasa o Senado, e unha vez aprobado por este é sancionado polo Rei. 120 dias despois da Sanción real celebraránse as eleicións o Parlamento de Galícia.

SANTIAGO

A COORDINADORA DE AA.VV. CRITICA A TODOS OS GRUPOS

A Coordinadora de Asociacións de Veciños de Santiago ven de facer unha forte crítica a todos os grupos presentes na corporación municipal pola falta de consultas e participación dos cidadans. Segundo a Coordinadora non se elaborou ainda un reglamento que garantice a representación viciñal, nen se fixo nengun boletin, dedicándose até agora a "repartir o pastel". Tamén din que planificar a actuación municipal significa definir uns obxectivos globais e elaborar os respectivos presupostos delimitando o que se pretende facer en concreto e fixando un calendário. A Coordinadora pede participación nos plans de acción municipal e acusa aos partidos de non ser capaces de presentar aos eleitores un plan concreto a realizar.

O MORRAZO

OBREIROS QUE NON COBRAN

Unha nova medida se veu a engadir aos conflitos laborais máis importantes que se están a dar no Morrazo. Por unha banda, tanto en Ascón como en Vilasmar (redes e fios mariños) os obreiros tuveron dificuldade para cobrar, e por outra as empregadas da fábrica de conservas de A Guia están encerradas na fábrica para evitar que salga nengun material mentres non cobran.

Nos asteleiros de Ascón os obreiros estuveron cinco dias sen cobrar e na Fabrica de redes de Darbo-Cangas ademais dos atrasos que lles deben (desde 40.000 a 200.000 pesetas) teñen Decembre e Xaneiro sen perceber. Nesta fábrica os obreiros estuveron facendo piquetes na última semana de Xaneiro co fin de non deixar sair un pedido de rede mentres non se lle pagase.

VIGO

ACCIONS EN FAVOR DO BONO-BUS

Novas movilizacións en favor do bono-bus realizáronse en dias pasados contra os autobuses de transporte público, a consecuéncia das cales resultaron con desperfeitos 13 coches da compañia Vitrasa. A loita dos estudantes por conseguir bono-bus iniciouse o pasado mes de novembro, sen que até hoxe chegasen a obter o obxectivo. O Axuntamento e a empresa concesionária do servício veñen mantendo conversacións para estabelecer un bono-bus xeralizado, cun coste que supoñeria un importante desembolso, polo que ainda non se decidiu a comisión de transporte do axuntamento.

FOZ

CRISE NA FLOTA DA SARDIÑA

Unha grave crise afecta ao sector da flota sardiñeira de Foz como consecuéncia do descenso das ventas, xa que as capturas pola contra aumentaban. O descenso do précio da sardiña xa comezou no ano 73, e foi progresivo até hoxe, frente ao aumento da vida en xeral. A sardiña significaba para Foz o seu maior potencial pesqueiro, xa que os barcos maiores non descargan no porto de Foz. Segundo a casa do Mar, os catro barcos que até hoxe faenaban están amarrados e permanecerán no porto até o próximo mes de marzo. Durante este tempo os donos das embarcacións aproveitarán para reparar as mesmas.

OURENSE

PRESION DOS TRABALLADORES DE "CONSTRUCCIONES REVERTER"

Os traballadores de "Construcciones Reverter" retuveron o pasado dia 2 durante nove horas ao Xerente e ao abogado da empresa, até ser desaloxados do local social da empresa pola policía. A causa do encerro debeuse a deuda que ten o empresário cos traballadores, que son os tres últimos meses e a paga de navidade, chegando nalguns casos a seis meses de salário. Durante os próximos dias, os traballadores esperan levar accións de diverso tipo para tratar de que a empresa poda facer frente a actual situación e os traballadores cobren os atrasos e manteñan o seu posto de traballo.

PONTEVEDRA

MANIFESTACION DE APOIO AOS TRABALLADORES DE RAYMUNDO VAZQUEZ

Unhas 1.500 persoas participaron o pasado dia 6 na manifestación que se celebrou en Pontevedra en apoio dos traballadores de "Raymundo Vázquez", a cal sumaronse todas as forzas de esquerda; Namentras o empresario anuncioulles os traballadores que tiña decidido o cerre patronal.

Esto produciu unha grande preocupación entre os traballadores que están dispostos a manter todo tipo de presions.

hemeroteca

EL IDEAL GALLEGO

29-1-81

PEDE QUE SE GARANTICE O ENSINO EN CASTELAN NO COLEXIO DE DICES -ROIS

A proposta do PG basease no convencimento de que "con actitudes cazurras, dogmáticas e sectárias, de onde queira que veñan, estáselle facendo un cativo servício a Galícia, que hoxe necesita de experiéncias positivas e flexíbeis, mais que de posicións reventadoras... As posicións de enfrentamento cazurro e dogmático aparte de non solucionar o conflito escolar, senón de agudizalo, van en contra ademais da necesária convivéncia escolar e, por suposto, da calidade do ensino".

El Correo Gallego

11-II-81

A Dirección Xeral de Turismo da Xunta acaba de editar sete trípticos para promocionar Galicia na Feira Internacional de Turismo, que se está celebrando en Madrid... Estan moi mal redactados e...

Por exemplo, na Coruña, di: "Plaza de Maria Pita e Palacio Municipal, rodeado de soportales, datan de finales do século pasado. Neste edificio ten a sua sede a Real Academia Galega de la Lengua (ainda non saben que a Academia -que además non é da Lengua- estrenou nova sede que inagurou o Rei)...

Ao referirse a gastronomia da Coruña di: "A típica queimada, forte bebida da augardente do Ribeiro". (E se é augardente que se queima é do Ulla ou de Betanzos, ¿cómo se chama esa "forte bebida"?).

Tríptico de Ourense: nin se enterou da Fonte das Burgas, sinalando en gastronomia: "gran variedade de mariscos".

Tríptico de Lugo: Data a muralla do século II, cando a casi totalidade dos autores coinciden no século III, e hai alguns que nos apuntan cara o IV.

Tríptico de Vigo: "Toda a riqueza marisqueira das Rias Baixas pode paladearse en Vigo, percebes..." .Citania prehistórica no monte de Santa Tegra, con unha ermida. Vestíxios importantes de aplicación romana e o chamado mapa, a máis antigua esquematización cartográfica de Occidente, trazado na peneda en que se apoia a obra romana". (Bonita maneira de referirse a un petroglifo e a citánia). ...Ao referirse aos troiteiros fan pasar ao Miño por Gondomar... non saben que o viño Fefiñanes é unha marca comercial dun certo tipo de Alvariño...

No tríptico de Galícia chama a atención o mapa que incluie a Illa da Toxa, na Ria de Pontevedra...

COUSELO

La Voz de Galicia

21-1-81

ABSURDO NACIONALISMO ESCOLAR

¿Debe a política, a lingüística neste caso, supeditarse ao pobo sobre o que se aplica, ou pola contra, debe permitirse a sua imposición con intransixéncia a pesar da oposición dos sus destinatários? ¿Até que ponto é lícito que uns alunos en pleno periodo de maduracion se utilicen como "cobaias" de determinados sindicatos ou partidos...? Neste tema, como noutros moitos, os que máis gritan, os que se manifestan, os que firman cartas e procalmas (as veces sen leelas), os que se autodenuncian, fariannos caer nun grave erro se creésemos que a sua capacidade movilizadora -inegábel- se corresponde coa representatividade ou a solidez das suas argumentacións. De acordo coas declaracións dos pais, a profesora non só impartias as suas correspondentes clases unicamente en galego, negándose mesmo a contestar aos rapaces que se dirixian e ela en castelán, senón que suprimia intencionadamente calquera contido didáctico que non se relacionase con Galícia, nunha mostra absurda de "nacionalismo" ridículo e lamentábel. Item máis: suprimiu a asignatura de Língua Española.

A posición das autoridades competentes está respaldada, aparte de por estes antecedentes expostos, pola anticonstitucionalidade da conducta observada pola profesora e a vulneración do decreto que regula a aplicación do idioma galego no ensino.

Ultreya

EL PAIS

10-II-81

"Seguramente o máis chamativo da convención centrista seña precisamente que os críticos teñan obtido unha vitória dialéctica, pero foron derrotados no terreno da organización do partido. Nen sequera na batalla pola presidéncia, na que enfrentaron ao seu home máis brillante contra o gris candidato oficialista, lograron superar o listón do 40 por cen. Perderon, tamén a escaramuza do proporcionalidade ampla no Congreso Executivo. Ainda que contando cun bon respaldo entre os delegados, que non fixo senón aumentar conforme avanzaba o Congreso, os órganos de decisión de UCD quedaron nas mans dos oficialistas. ..... En calquera caso a UCD sae deste Congreso debilitada e semi-escindida. Os oficialistas deixaron pasar o balón da direitización, pero sesgaron os ortellos dos homes do equipo crítico —procedimento, polo demáis, moi usual na política—, que até agora a tiñan propugnado".

A LEI DE MONTES DE VICIÑOS

DANIEL MAGARIÑOS

Aos montes cumunais cumprialles na economia rural galega un papel básico e necesário para a reprodución das explotacións agrarias. Desde alimento para o gando até o toxo -matéria prima do abonado- pasando pola madeira para usos tan diversos como a elaboración dos apeiros de labranza ou a artesania das zocas, e mesmo a roturación, as veces, de anacos de monte, tales son os pilares sóbor dos que se asentaba o equilíbrio da economia labrega. Todo iso sen falar do que significaba como elemento de coesión social o aproveitamento comunitário dos montes, xunto con outras institucións comunitárias existentes no noso agro.

Ao marxe do cualitativo hai estimacións que dan unha idea da sua importáncia cuantitativa: os montes de viciños abranguen 800.000 Has. dun total de perto de 2.000.000 Has. de superfície de monte no país.

Neste marco, a expoliación iniciada nos anos 40 e consagrada na Lei de Montes de 8 de Xuño do 1957 ao atribuiren a propriedade dos montes aos Axuntamentos, esnaquizou a base económica da maioria das explotacións agrárias galegas.

No 1968 preténdese acalar as movilizacións populares cunha lei, semellante á de hoxe, que parecendo recoñecer -con limitacións- a propriedade dos viciños sóbor do monte na práctica non sirveu de moito, entre outras cousas porque foi sistematicamente incumprida pola própria Administración.

Hoxe, de conformidade co Art. 149-1-23º da Constitución ("O Estado ten **competéncia exclusiva** sobre as seguintes matérias:... **A lexislación básica** sobre monte, aproveitamentos forestais e vias pecuárias") ven de aprobarse polo Congreso (6-XI-80) o proxecto de lei sobre "Montes Vecinales en Mano Común"(en adiante LMV), evidentemente lexislación básica. Pero a cousa non remata ai, pois que a mesma LMV faculta (Disp. Final 1ª) aos Ministérios de Agricultura e Xustícia "para dictar las normas de desarrollo y aplicación de esta ley en la esfera de sus respectivas competencias', algo tan concreto que dificilmente se pode chamar lexislación básica. Claro que a lei apricaráse "sin perjuicio de lo que dispongan los respectivos Estatuos de Autonomía en esta materia" (Disp. Adicional 1ª), co que é lóxico pensar que de **feito** o Estatuto só vai matizar cuestións de detalle non contempladas na LMV nen nos reglamentos a que alude a citada Disp. Final 1ª. Algun ben intencionado sorprenderáse ao ler entre as **"competéncias exclusivas** de la comunidad autónoma gallega" (Art. 27-11 do Estatuto) o "régimen jurídico de los montes vecinales en mano común". Sen comentários.

Segundo a LMV (Art. 1) serán considerados como tales os que os viciños "vengan aprovechando consuetudinariamente en mano común". A definición é confusa, xa que o "aprovechamiento consuetudinario" rachouse pola forza nos últimos decénios en que este pasou aos axuntamentos. E xa se sabe que hai relación directa entre a pouca precisión das leis e as arbitrariedades que se cometen invocandoas. Por iso, un princípio máis claro seria o histórico, definindo como montes en man comun aqueles que por seren propriedade dos viciños foron excluídos da Desamortización, figurando como tales

FOTO X. MARTIÑO

nos Arquivos Históricos Proviciais.

Dícese que os montes de viciños son "inalienables" (Art. 2) para, acto seguido, contradecilo (Art. 3) permitindo establecer en xeral direitos de superfície sobor do monte por un prazo de 30 anos e, en concreto, arrendamentos por 15 anos (Art. 5). Na medida en que a capacidade financieira dos labregos non lles permita poñer eles mesmos o monte en explotación e tendo en conta que ao remate dos prazos a propriedade do "edificado, instalado o plantado"(Art. 3, parr. 2º) pasa a mas dos viciños, xurde a posibildade -certa e perigosa- de que se extenda un xeito de explotacion do monte, que require poucas inversións que fiquen ligadas fisicamente ao monte, en forma de contratos de aproveitamento forestal con especies de crecemento rapido (20-30 anos, xusto o tempo que permite a LMV). Para que podan valer os montes despois de 30 anos con eucaliptos e unha vez cortados, e algo no que xa temos experiencia.

Os Arts. 9-10 fan referéncia aos Xurados Provinciais, creados en Galícia ao amparo da lei do 1968, e que seran os encarregados de clasificar os montes. Na sua composición non hai representación directa das organzacions sindicais que operan no campo e son maioria os membros da Administración que se constitue asi en xuez e parte pero, curiosamente non se segue o mesmo criterio coa representación viciñal (que so consta dun membro). En todo caso, a función de calificar deberia ser competéncia da xurisdicion ordinaria.

En canto ao seu funcionamento. que salvo movilizacion dos afectados non hai indicios de que vaia cambiar, non esta de mais ollar como actuaron nos ultimos once anos: a) imcumpriron os prazos estabelecidos pola lei e so deron clasificado 1/3 dos existentes en Pontevedra e moitos menos en Lugo e na Coruña. Unicamente en Ourense se alcanzaron cifras significativas. b) Permitiron moitas irregularidades, como as cortas e subastas de madeira ou a venta de parcelas nos montes en tramite de clasificacion. c) Rexeitaron a clasificación de moitos montes presentados con documentacion. En Pontevedra 1/4 das solicitudes presentadas foron desbotadas.

E ilustrativo do verdadeiro espirito da lei as faculdades que se lle recoñecen a Administración (Arts. 14-15), que son, por definición, incompatibeis coa titularidade do monte polos viciños. Por certo. a posibildade (Art. 15, parrf. 2º) de que o ICONA se constitua en guardian dos montes, utilizando para iso as faculdades definidas na Lei de Montes do 57, non deixara de preocupar aos que coñezan o moito que teñen "cuidado" -tanto o ICONA coma a Lei do 57- polos montes galegos.

Con respeito aos montes consorciados coa administración forestal, se os viciños queren resolver o consórcio ou convénio de dispoñer do monte para outros usos distintos da repoboacion, teran que indemnizar a Adminstracion polas inversións efectuadas no monte (Disp Final, 3ª-b). Isto e, ainda por ríba hai que pagarlle ao ICONA polo que gastou nuns montes dos que estuvo cobrando durante 20 ou 25 anos o 60 por cen nuns casos e o 25 por cen noutros de toda a madeira vendida. ¿Os viciños terán que pagar mesmo polos montes queimados?

don augusto

XAQUIN MARIN

Cinco dias despois de rematar de nevar hai que poñerse a palear a neve, que primeiramente foi levantada coas gradas do trator e coa fresadora, para que un enfermo poda ser asistido na residéncia de Lugo.

"Esta situación repítese todos os anos, pero tamén se repite a falta de carreteras, de electrificación rural, centros sanitários e, até, centros culturais", **dicia o Sr. Cordeiro, Presidente da Diputación Provincial de Lugo, cando queria explicar porque quedaron illados pola neve os pobos da Montaña Luguesa, poñendo sen querer, claro, o dedo na chaga da situación que están a sofrer os habitantes dos municípios do Caurel, Pedrafita, Samos, As Nogais, Cervantes, Navia, Orol, Muras, Fonsagrada, Negreira de Muñiz....., que se encontran, como ben dicia o Sr. Cordeiro, cunha total falta de servícios, situación que se agrava obstensibelmente cando neva. Asi e todo, aproveitando a situación producida polas nevadas, as autoridades montaron unha campaña, que non sabemos como calificala, na que todo parecia ser moi normal, ou moi anormal, segundo se mire, e na que se esforzaban en presentarse como heroes, sacando neve cunha pala, ou levando a un rapaz nos brazos despois da espera de tres dias para ser rescatado.**

Todas estas situacións que lles deron pé a lucirse diante dos fotógrafos, eran produto "dunha nevada como non se recorda", ainda que os viciños nos afirmaban, unha e outra vez no noso periplo polas terras altas luguesas que *"esta nevada foi moi normaliña das máis pequenas que caeron estes anos"*.

Por qué, logo, tantas páxinas dedicadas a unha situación que é permanente e *que mostra* **—como nos dicia o Alcalde de Pedrafita—** *a situación colonial que estamos a sofrer, manifestada con siñais máis ostensíbeis nesta zona"*. **Por qué tanto bombo e platillo nos rescates, cando quedou palpabelmente demostrado que en Galícia non existe o máis mínimo servício de protección civil e como unha nevada pequena pode poñer ao borde da morte a calquera persoa, non falemos xa se ocurre outra catástrofe calquera.**

Como tamén afirmou o Sr. Cordeiro: *"creo que estos viciños non teñen moito que agradecerlle a Administración"*.

Lembrome cando me contaban como en Pedrafita, nos Ancares ou no Caurel a xente tiña que estar ate un mes sen poder sair da aldea, nen sequera podian enterrar aos mortos; é mais, para abastecerse da auga potábel, tiñan que facer un tunel na neve para chegar asi á fonte. Non me cabia nos miolos. Agora despois de recorrer varias veces esta parte da provincia, doume conta da realidade.

Como dicia unha moción presentada polo BN-PG, en relación coa situación creada polas últimas nevadas, *"o problema non é a neve, o problema é a total falta de infraestrutura e servícios, da província en xeral e da Montaña en particular"*.

A situación non cambiou en nada, os pobos seguen sen electrificar, sen estradas, sen teléfono, sen auga corrente nas suas vivendas, sen centros asisténciais; as vivendas segundo dicia un viciño dos Ancares *teñen que ser cortes xa que non temos por onde carretar os materiais para amañalas, se cadra é que queren que isto siga asi para que emigremos todos e deixemos isto para os turistas, e pódanlles dicer: aqui vivian uns homes como o facian antes de chegar os romanos"*.

Se algo se fixo por mellorar estas zonas foi só co esforzo dos viciños, sen axudas nen subvencións de nengunha clase. Ademáis, ¿qué van facer os axuntamentos con só seis ou sete millóns de presuposto?.

A FALLA DE VIAS DE COMUNICACION

As poucas estradas que se fixeron foron trazadas en función da especulación, do turismo, ou dos intereses ciquis. *"En vez de ir po vales,* dicianos un conce do axuntamento de Pedra ta que percorreu connosco pobos da zona *as estra fixéronas todas pola ci das costas, por onde m neve hai, e sen que cumpr un servício axeitado aos p bos, xa que é imposíbel su até elas cando neva. O q hai que facer séguenos a cer e darlle saída aos pob e comunicalos entre si"*.

A solución do problema comunicación é esencial, non só para o desenrolo d tas comarcas, senón tam para a supervivéncia das p soas que viven ali.

Se o oitenta por cen d pobos non teñen nen un má pista, noutros as pist só lles serven para ent un "todo terreno" ou tra tores, o que impede asim mo que entren as "palas ca neve", no caso de que dignaran mandalas , e perm tir asi aos viciños sair do s illamento cando se produce nevada. Pero para isto é i prescindibel facer un plan comunicacións para A Mo taña.

Con este plan mínimo comunicacións, é indispens bel facer tamén un mapa s nitário da zona, onde se rec llan unha série de centr sanitários e outros centr asistenciais que conten cunh série de prazas e méios pa poder hospitalizar aque xente que o necesite. Est centros tamén deberian contar cun equipo axeitad para poder chegar aos dif rentes pontos da sua zon de cobertura.

Pero ainda isto seria x un gran paso, unha primeir medida "sine qua non" pa a saída do aillamento, o qu haberia que facer seguid

Montaña Luguesa:
O terceiro mundo na propia casa

nte seria conectar as dife-
tes aldeas, por méio de rá-
ou teléfono, con estes
tros asistenciais e cos ou-
s servicios indispensábeis.
Asimesmo para que a zona
do seu subdesenrolo é
esária a sua total electri-
ción, xa que ainda boa
te dos pobos non contan
luz eléctrica. Pero isto
é o bastante, como dicia
gandeiro de Zanfoga, "hai
o anos que comprei unha
leñadora pero non me vale
a nada xa que coa corren-
que hai non traballo, o
smo que lle pasa a lavado-
u a nevera". Situación na
están a case totalidade
aldeas que contan con
do eléctrico; teñen unha
que alumea como un
dil, pero nada máis, para
ros usos non vale.

**OBLEMAS E
IS PROBLEMAS**

Outro dos grandes pro-
mas con que se encontra
a zona é no campo educa-
, problemas que levan, al-
has veces ao enfrenta-
nto entre os viciños e a

**A conta de Valentin touse un amplo des-
gue publicitário.**

Administración como no caso das Nogais. Emprazan os centros escolares en función dos intereses caciquis, como quer facer UCD e o PSOE en Pedrafita que queren emprazar os dous centros escolares nunha beira do município. Pechan tamén as escolas e queren obrigar aos rapaces a ir a "escolas fogares", onde recebian, claro está, unha cultura alleante e desligada do seu méio. Os pais, loxicamente, opóñense a estes manexos. Como nos dician nas Nogais, *"non teñen porque separarnos dos nosos fillos pequenos, son a ledicia dos lugares, ademáis, cando volten, se cadra non queren parar aqui. Ainda que pode que seña isto o que pretendan, ¿non lle parece?*

CAMPAÑA ELEITORAL A CONTA DA NEVE

Se cadra toda a situacion que esta a sofrer a Montaña Luguesa é moi normal para as autoridades e a administración polo que se pode desprender das afirmacions do Sr. Cordeiro Presidente da Diputacion Provincial de Lugo cando quer minimizar o problema da incomunicacion e di: *"tamén se repite a falta de estrada electrificacion rural de centros sanitarios e até de centros culturais'* e podia seguir dicindo de telefono de auga corrente de alcantarillado de centros escolares adecuados, de centros asistenciais de vivendas dignas . como se isto fose un atenuante cando estes factores son os verdadeiros responsabeis da incomunicacion desta zona e a Diputacion a entidade que ten a obriga de subsanar estas cuestions.

Pero pola contra, saen cunhas declaracións dabondo gratuitas e mesmo atreveriámonos a dicer irresponsábeis, montando toda unha campaña propagandistica a conta dun rapaz de Piornedo Valentin que tuvo a ma sorte de romper un brazo ao caer dunha escada.

Tres dias tuvo que pasar o pobre do rapaz sen que fose atendido por un medico tendo que percorrer antes vinte kilómetros para avisar desde o teléfono máis próximo. El si que pudo camiñar pola neve, pero nen "Proteción Civil" nen outros corpos ou autoridades puderon facer unha expedición para rescatalo, como non puderon facelo por méio do helicóptero até pasado tres dias.. Uns din que pola nevoa, outros polo vento, outros que porque non sabian onde aterrizar pero, ¿non debian de estar adaptados para estos casos?, ¿non operaban outros helicópteros en Santander en situacións mais adversas para rescatar a uns montañeiros?, ¿non conta o Exercito cun excelente servicio cartografico con todos os accidentes detallados para saber donde aterrizar?. Alguns xornais como "El Progreso" afirmaban que *"os helicópteros do Sar so están a ponto, ao parecer, para evolucionar graciosamente sobre as embarcacions pesqueiras nas procesions maritimas. Teñamos sempre a ponto* seguia dicendo o mencionado periodico, *para procesions e festexos con tempo bonancibel e bon dia. E claro. se e que se espera tres dias, podese contar coas camaras dos fotografos e con autoridades e curiosos para recebelo".*

Precisamente, isto foi o que ocurriu, a esplanada a caron da Residencia Santária de Lugo estaba despexada de co-

Por este camiño teñen que servirse sete pobos do concello de Pedrafita do Cebreiro.

ches e chea de curiosos, pero as autoridades, que casualidade, xa estaban esperando en Becerreá. Ali foi onde aterrizou o helicóptero e onde o Teniente Coronel da Guarida Civil se prestou a trasladar nos seus brazos a Valentin até a ambu láncia que o levaria a Lugo e na que, e curioso, non ia nengun médico, pero si dous Guardias Civiles.

Valentin sempre lle tuvo *"moito medo aos Guardias Civiles. Por iso choraba e non queria subir ao aparato, e porque non queria ir so".* Por outra banda, a sua nai dinos que Valentin nunca vira un Guardia Civil, *"o que pasa é que cando fai algo mao sempre lle dicimos ai che ven a Guardia Civil e che pega".*

Tamén nos dixo Valentin todo medoñento, canto mal non lle farian ao rapaz con toda a campaña *"a vostede entendoo mellor, os outros que viñeron verme non falaban como nos".*

A campaña propagandistica foi grande, pero quedou demostrado sobradamente unha vez máis, acordémonos senon dos naufraxios dos diferentes barcos, das mareas negras, etc, como no noso país cando ocurre algunha catástrofe non se conta cos mínimos méios para facerlle frente a situación. ¿Qué pasará se ocurre un terremoto ou situación similar? Non é difícil contestar, pero, mentres, seguense perdendo vidas humans e, se non se perden máis...

Quedou de manifesto, asimesmo, a ineficacia da Diputacion, do Goberno Civil, do MOPU, etc., e como o verdadeiro problema non é a neve, senon a falta de infraestrutura, propria dunha situación terceiro-mundista e colonial. *"Non entendemos como por exemplo nos Alpes, que neva moito máis non pasan cousas como aqui"* diciannos no Caurel. Aqui está

moito máis non pasan cousas como aqui" diciannos no Caurel. Aqui esta a explicación.

**TEXTO E FOTOS
ALFONSO EYRE**

POLA REAPERTURA DO SUMARIO YOLANDA GONZALEZ

XACOBO BERMEJO BARRERA
Membro do Comite Nacional do PST

O metodo do asesinato (secuestro, interrogatorio, e execucion) ao mellor estilo fascista, tipico da post-guerra no Estado Español. Asi como a aparicion por primeira vez, cunha claridade enorme, da vinculacion dos asesinos a Fuerza Nueva, e os corpos de Seguridade do Estado, utilizando unha infraestrutura e material altamente sofisticado. Fixo que o asesinato de Yolanda fora un dos máis importantes nas actuacións das bandas fascistas no Estado Español, por poñer ao descoberto as implicacions do fascismo co vello aparato represivo herdado da ditadura.

A sua importáncia fixo que as primeiras semanas os periódicos e Parlamento, intentaran sacar á luz todas as implicacións e chegar ao fondo. Mais hoxe, a un ano do asesinato o Goberno en complicidade coa "xusticia" encargada do caso , tratan por todos os méios de botar terra por riba, co fin de que non se esclarezan as implicacions.

Desta forma desde o comezo do proceso xudicial, coa detención de Hellin e Abad (autores materiais do asesinato), o xuez encargado do caso, Sr. Varon Cobos, non fixo nada máis que poñer trabas (inda a costa de pisar os dirieitos máis elementais) para que as investigacions non avanzaran, boicoteando e dificultando por todos os meios o traballo dos abogados da familia e do PST, a vez de que en colaboracion estreita cos abogados de FN, favorece ao maximo os militantes desta organizacion que estaban implicados no caso.

Asi podemos ver como o Xuez, negase repetidamente ao procesamento de David Martinez Loza, xefe de seguridade de Fuerza Nueva, presunto responsábel da orden de execucion de Yolanda, segundo a própria declaración de Hellin. Deste xeito cando Martinez Loza preséntase ante o xuez, despois de ser buscado varios dias pola policia, este o deixa en liberdade, e non o implica no proceso. E nega aos abogados da acusacion, a preséncia nun careo que se fai entre Martinez Loza i Hellin, deixando a preséncia dos abogados destes. O xuez pois pon e liberdade a un dos presuntos reponsabeis do asesinato.

Pero a cuestión non só queda ai, senón que vai moito mais alá, pois tamen o xuez denegalle o permiso solicitado pola policia pára rexistrar as sedes de FN e FNT. E devolve un ordenador, que poseia Hellin, sen investigar a fondo o contido dos datos, e onde estaba conectado (supostamente aos sevicios de seguridade), e as cintas, que tamén poseia, que posibelemente conteñan conversas entre altos membros dos corpos de seguridade do Estado. Asi poderiamos seguir relatando feitos oscuros, como a fuga de Hellin, o suicidio do abogado Abad... E facéndonos multitude de preguntas como ¿Quen lle facilitou axuda para escaparse a Hellin? ¿Por que non se voltou a saber nada de duas persoas mais implicadas no asesinato das que fala a policia, e que non se detuveron?...

Todas estas preguntas levarian á clara conclusion que desde o primeiro momento en que toma o caso, o xuez actua dacordo cunha postura absolutamente favorabel para os fascistas.

Varon Cobos é o mesmo xuez que pede 20 anos de carcel para Xavier Vinader, por denunciar as bandas fascistas en Euskadi, procesándoo por intencion ao asesinato. E tamen foi quen secuestrou a edición do "Libro rojo del cole", fixando unha fianza de 500.000 pts. por un delito o que lle corresponde unha pena dun mes e un dia de cadea.

E agora co de Yolanda. Toda a sua actividade foi frear as averiguacións, bloquear a investigacion e botar terra sobor do asesinato. O caso Yolanda, é desde o ponto de vista xudicial, unha das monstruosidades máis grandes que se viron, xa

O pasado ano Yolanda Gonzalez, membro da Coordinadora do Ensino Medio e FP de Madrid e militante do Partido Socialista dos Traballadores foi brutalmente asesinada polas bandas fascistas. Este asesinato producese en plena movilizacion estudantil, da que Yolanda era dirixente, tendo unha gran repercusion en todo o Estado Español, onde se realizaron centos de accións en resposta a esta agresion, dirixida contra o movimento estudantil.

que a pesares de que Fuerza Nueva, Martinez Loza, os servícios de seguridade, aparecen claramente implicados, o Xuez determina inon xuzgalos! Non só iso, senón que fai dous meses, ante unha petición, dos agobados do PST e da familia, dunha nova declaración de Hellin, o xuez decide pechar o Sumário. ¡Xa está todo claro! ¡Non máis investigacións!

A decisión do xuez supon unha grave agresión, non só aqueles que estabamos unidos a Yolanda (a sua família, os seus compañeiros do PST), senón que vai contra todos os traballadores e pobos do Estado Español, na medida en que é unha agresión contra as liberdades democráticas pois esta decision vai encamiñada a encobrir as implicacións dunha orgaización legal con carácter fascista como é Fuerza Nueva, e aos corpos de seguridade do Estado no asesinato, mantendo na máis completa impunidade ao terrorismo fascista.

Aqui o Goberno ten unha grave responsabilidade, en primeiro lugar por seguir mantendo na máis completa impunidade ás bandas fascistas, as cales as está utilizando contra o movimento de masas, e contra os nacionalistas e todo o pobo de Euskadi. En segundo lugar o Goberno é responsabel do bloqueo da investigación. Se ben nos primeiros dias colleuno desprevenido, tendo que recoñecer ante o Congreso o Ministro de Interior, Ibañez Freire, as implicacións de Martinez Loza e os Corpos de Seguridade do Estado. Pero rapidamente en colaboración co xuez bloqueou todas as investigacions que podan poñer ao descoberto as implicacións dos asesinos cos corpos de seguridade do Estado. E non lle procupa o máis mínimo desenrolar todos os elementos postos anteriormente sóbor do tapete.

O Goberno non ten intención de tirar do fio, pois son moitos intereses que ten pendentes. Deste xeito, co seu silencio, o papel de convidado de pedra en todo este proceso, está mantendo a impunidade destas bandas fascistas. E na sua actuación diária podemos ver casos tan escandalosos como o de Hendaya, onde a policia pon en liberdade aos presuntos asesinos de varias persoas nun Hotel frecuentado por refuxiados vascos en Francia. E tamén os recentes atentados en Valladolid...

Está claro que o Goberno non quer chegar até o fondo nas implicacións no asesinato, porque lle interesa seguir mantendo na impunidade aos fascistas para reprimir a todos aqueles que se opoñen aos seus plans, por fora dos pactos e compromisos, sóbor dos intereses nacionais e das clases traballadoras, asi como do movimento estudiantil. E tamén lle interesa seguir mantendo os seus corpos de seguridade cargados de recoñecidos fascistas, porque asi pode reprimir mellor, ainda que ás veces se lle escape das mans. O Goberno pois ten unha gran responsabilidade no peche do sumário de Yolanda.

E por isto que hoxe ante o peche do sumário, temos que librar unha batalla parcial contra o fascismo, conseguindo a reapertura do sumário. Por iso e un deber de todos aqueles que loitamos contra o fascismo, unirse a esta campaña democrática, co fin de esclarecer as implicacions e os verdadeiros responsábeis do asesinato, esixindo ao mesmo tempo a responsabilidade do Goberno, co fin de que non se volten repetir novos casos Yolanda, nen Atochas.

Desde esta tribuna de A NOSA TERRA, a cal agradecemos a sua colaboración, queremos facer un chamamento a todos os sectores do pobo galego así como as suas organizacións politicas e a todos aqueles que repudian esta inxustícia que se unan no obxectivo de conseguir a REAPERTURA DO SUMARIO.

ESPAÑA

Suarez foise: ¿preparando o seu futuro?

MANOLO TOURAL

Desde o nomeamento de Adolfo Suárez como presidente do Goberno español, o dia 3 de xullo do 1.976, ate o 29 de xaneiro deste ano, data da sua dimision, este presidiu 196 Consellos de Ministros, nos que el e os seus variopintos acompañantes, fixeron denodados esforzos por clarificar a sua inutilidade e ineficacia de deixar ben ás claras a que sectores sociais representan e defenden E suliñamos representen e defenden porque moito nos tememos que o suarismo ainda non rematou, senón que sen dúbida fai un inciso nos episódios circenses a que tan acostumados nos teñen.

O Sr. Suarez chegou a presidencia atreverso da TV. e dixo adeus tamen por este medio de comunicación.

Co seu tradicional esquema de discurso, o sr. Suárez apareceu no televexo para despedirse de nos, cunha mensaxe que comezou dicindo *"hoxe teño a responsabilidade de comunicarlles...as razons polas que presento a miña dimisión..."* e cando rematou a sua intervención decatámonos de que a única xustificación que nos dou foron as frases de sempre: a lealdade a España, á corona e a sua obra. E dicer, non houbo razons. O único que para nos quedou patente é o estrepitoso fracaso do sr. Suárez que viu nos últimos tempos como as suas palabras oportunistas e a sua política demagóxica, xunto coa sua imaxe, ia caindo igualiño que o sol no serán, e mesmo a traxectória que levaba estábase poñendo en entredito polos seus compañeiros e "corporacións" que están a representar. Mais antes de todo isto, no panexirico que nos botou o dia 29, dounos a visión dun gran Mesias que se vai para que nos continuemos o camiño que el nos marcou da sua obra de liberdades, democrácias...sobor de todo, ofrecendonos unha nova porta ao cámbio que *"hoxe se abre diante de nos e que tanto arelabamos"*. Asi pois, nada de traxédias xa que el estará traballando ao noso carón desde a base da UCD, nas sombras pero sempre vixiante e identificado coas nosas aspiracións. Bon, ao mellor se o necesitamos volve, de momento, e como dixo, na sua práctica e nunha actitude netamente quixotesca: *"voume porque xa as palabras fican non ser suficiente e é preciso demostrar con feitos o que somos e o que queremos"*.

"DE AFERRADO AO CARGO, NADA"

"Nada máis lonxe da realidade a imaxe que se pretendeu dar de min como unha persoa aferrada ao cargo" e agregou, *"todo político ten que ter vocación de poder, vontade de continuidade..."*

A prensa monopolista do Estado español estáse preocupando en meternos polos ollos a magnificéncia da obra do sr. Suárez e de suliñarnos que a fuxida do sr. ex-presidente supón un perigo de direitización na política a seguir polo Estado se se forma a gran direita e fican as liberdades traballadas polo sr. Suárez.

No marco tan cuidado no que se están desenvolvendo as forzas oligarquicas e reaccionárias do capitalismo español botan a semente dun posíbel futuro Suarez refortalecido na sua imaxe, no seu prestíxio, tan deteriorado nestes tempos, sempre necesário e disposto a salvarnos.

O auténtico perigo de direitización pasa polo reagrupamento do único partido de direitas reaccionarias que non vai ser agora co parentese do sr. Calvo Sotelo, posíbel sucesor na poltrona presidencial, senon cando se de unha extrapolación das forzas reaccionarias para xunguirse conxuntamente nun viveiro común e non moi lonxe no tempo, como poden ser as eleicións do 83, na que Suarez ao mellor volve ser o líder que tanto necesitan as capas monopolistas oligárquicas do Estado. Asi pois, e desmentindo o que alguns andan a dicer por estes pagos, nen final do suarismo nen xesto histórico, nen home valente, abnegado e firme, nen posibelmente presions de ningún tipo, senón máis ben un replantexamento de esquemas para bosquexar o sendeiro do seu retorno, *"é o menos que se pode pensar dun político que ten vocacion de poder e vontade de continuidade"*. Xa despois ninguén lle poderá dicer que é un home aferrado ao cargo.

PAISES CATALANS

Esquerda Republicana: cando o rio soa....

JORDI FORTUNY

As subvencións de UCD a Esquerda Republicana de Cataluña, o Congreso de Convergencia Democrática e as difamacións de "Cambio 16" contra a esquerda nacionalista do País Valenciá son tres dos feitos máis comentados dos círculos políticos cataláns durante estas últimas semanas.
Desde as pasadas eleicións ao Parlament de Catalunya toda a esquerda catalana esforzouse, con máis ou menos intensidade, en denunciar o presunto apoio económico de UCD e a direita máis recalcitrante a Esquerda Republicana de Heribert Barrera que durante a compaña eleitoral asombrou a próprios e estraños con un desmesurado despregue presupuestario dedicado a propaganda.

A finais de xaneiros o Presidente de Fomento, a patronal catalana, confirmou nunhas declaracións a "El Pais", que un dos partidos beneficiados polas subvencións empresariais foi Esquerda Republicana de Catalunya. *"Entre os dous partidos que souperon capitalizar mellor a campaña de Fomento* —afirmou Alfredo Molinas— *figura como máis beneficiada Esquerra Republicana"*.

Pola lóxica da entrevista, dedúcese que o outro partido ao que se refire Molinas é o de Jordi Pujol. De feito, Molinas non fixo máis que confirmar un segredo a gritos en Catalunya sen que E.R. de Catalunya o desmentira polo de agora. Non obstante, o das subvencións de UCD foi pior. Dous dias despois da aparición da entrevita en "El Pais", outro periódico madrileño, "Diario 16", aseguraba que Esquerra Republicana recebira 30 millóns de pesetas do partido gubernamental o mesmo dia en que se produxo a votación de confianza solicitada por Suarez, ao Congreso, e na que o representante de Esquerra Republicana abstuvose.

Sen entrar na fiabilidade das afirmacións de "Diario 16", que naturalmente foron desmentidas por Esquerra Republicana, señalemos outra vez que o partido de Barrera xa fora obxecto de moitas acusacións neste senso.

UN CONGRESO TRANQUILO

Por outra banda, mentres Pujol controlaba como sempre ao seu partido durante o sexto Congreso de Convergencia Democrática, Tarradellas voltaba de Madrid tras entrevistarse con todos os políticos habidos e por haber, a quen expuso, entre outras cousas, a sua opinión sobre "a aplicación sectária e discriminatória" do Estatut por parte do presidente da Generalitat.

No Congreso, Pujol disimulou a sua contrariedade polas devolucións tarradellistas e contentou aos seus militantes cun discurso maxistral. Houbo ponencias máis ou menos radicais, segundo fosen ou non das Xuventudes do partido, os delegados que as debian de votar. Non dou para moito mais este Congreso, agás dos comentários sobre a retirada do único candidato a secretário xeral adxunto, que se presentou co convencimento de que Roca i Junet tamén optaria ao cargo e gañaria, cousa que non pasou.

A todo isto, en Barcelona agravábase por momentos o conflito entre os funcionarios do axuntamento e o Goberno municipal, ornado pola folga de basureiros. Paralelamente, o diário valenciano "las Provincias" reproducia o texto integro dun reportaxe difamatório de "Cambio 16" sobre "Els Maulets", aos que calificaba de grupo terrorista.

En realidade "Els Maulets" son uns colectivos radicais presentes en várias comarcas do Pais Valenciá, que se dedican, polo de agora, a publicar algunha revista e a facer pintadas co lema "¿España? no, gracias" e outros po-

(Pasa a páx. seguinte)

ALFONSO R. CASTELAO
LIBRERIA E PAPELERIA
CERAMICA POPULAR GALEGA
AO SERVICIO DA NACION GALEGA
José Antonio, 130 - entrechán
Teléf. 419759 VIGO

O PASTOR ELECTRICO
NA SUA ZONA HAI UN DISTRIBUIDOR, PIDALLO
Rua Nova, 50 Apartado 322 Téfnos: 982-217165 982-211107
LUGO

STOP
AUTO-ESCOLA
CO.P.Á.S.
SISTEMA CREDI-CARNE
—Financiamos o carne de conducir
—Até un ano para pagar
PERMISOS: MOTO, TURISMO, CAMION
Gomez Ulla, 14, Baixo, Tel. 598278 SANTIAGO
(Tenencia do Horreo)
STOP

(Ven da páx. anterior)

lo estilo. A aparición destes grupos non é senon un síntoma da creciente concienciacion nacional catalana no Pais Valenciá, ainda moi incipiente, e dos niveis de crispación aos que se está chegando por mor da ofensiva ultra-direitista, apoiada politicamente por UCD.

O "extraño" é que "Cambio 16" informara tan mal ao facer o reportaxe, ao menos que a revista madrileña pretendese aumentar a crispación. Calquera persoa desinformada sacaria a conclusion, despois de lelo, que nos Países Cataláns a língua catalana e a bandeira cuatribarrada son obsesións de "Els Maurets", e que "Els Maurets" están tolos. Mais, isto non seria grave se "Cambio 16" non difamase ademais aos "Els Maulets" dicindo que son o brazo armado dunha nova plataforma política integrada por MC, PT, LCR, Front d'Esquerra Nacionalista e vários colectivos de concellais independentes de esquerda. O que non pode estar máis lonxe da realidade.

EUSKADI

O Rei que veu de lonxe

MUGARRA

Esta semana, a notícia máis importante acaecida no ámbito vasco, foi a visita de Juan Carlos I de España e señora a parte das provincias de Euskadí Sur. Unha visita pragada de acontecimentos, na sua maioria fora de programa, e que sen dúbida algunha foron unha clara mostra da realidade sociopolítica do noso pobo, unha mostra que dunha ou doutra forma foi calada pola maior parte dos méios de Comunicación estatais.

Cando o Rei escomezou a falar en Gernika os parlamentários de Herri Batasuna escomezaron a cantar o Eusko Gudariak.

Na mañá do martes tres de febreiro chegaba ao aeroporto de Foronda (Vitoria) o Rei español iniciando asi o seu primeiro dia de estáncia na comunidade autonoma vasca. A sua chegada, unhas cen persoas, (mulleres na sua maior parte), deron gritos de "España, España", "Vizkaia por su Rey" (?). mentres, o monarca escoitaba o Hino oficial español e pasaba revista a tropas formadas a tal efeito cóa compañia do presidente do ente preautonómico vasco, Carlos Garaigoetxea. Ao terminar o acto protocolário un numeroso grupo de persoa, eleitos e membros de Herri Batasuna entonaban o "Eusko Gudariak" demostrando deste xeito *"o rechazo a preséncia do Rei en Euskadi en representación de todos os vascos que senten na sua carne a represión do réxime que o Rei representa"* segundo declaracións feitas posteriormente por Jon Idigoras, membro da Mesa Nacional de Herri Batasuna. Deste modo, e a suxerência dos concellais da esquerda abertzale, numerosos axuntamentos decidiran anteriormente considerar persoa "non grata" ao Rei español, asi como a colocación da ikurriña a méia asta nos edifícios municipais durante o tempo que Juan Carlos I permanecese en território vasco.

Posteriormente ao recebimento en Foronda, o monarca e o seu séquito trasladaronse ao palácio de "Ajuria Enea", entre un enorme despregue de seguridade e coa proibición aos viciños vitorianos de asomarse aos balcóns durante o paso da comitiva. Unha vez no palácio, o Rei recebia a membros do Goberno e parlamento vasco asi como a Diputación de Alava e o Axuntamento Vitoria. Neste acto proibiuse a entrada dos diputados da coalición Herri Batasuna, xa que o seu portavoz, Iñaki Ikabea, encontrase na carcel de Soria. Pola sua banda, o portavoz de Euskadiko Esquerra, Mario Onaindia, fixo entrega ao Rei dun escrito no que pedia duas reivindicación: a integración de Navarra e as medidas de gracia, mentres que o representante socialista, Tamborenea acusaba nas escalinatas do palácio ao PNV do frio recebimento que o pobo alavés ofrecera á corona española

Esa mesma tarde, Juan Carlos I chegaba a Bilbao por carreteira protexido por unha inusitada caravana de seguridade tras sortear as barricadas e cortes de circulación levadas a cabo en varios pobos do recorrido.

As sete da tarde, chegaba á capital vizcaina, concretamente á praza Elíptica, onde unhas duas mil persoas (o maior recebemento en Euskadi) aplaudian ao monarca. Nesta mesma praza, un numeroso grupo de persoas comezou a berrar "presoackalera" y "Errege kanpora" (Rey fora) a poucos metros de onde estaba o Rei. As 7,23 produciuse un apagon do alumbrado eléctrico da praza que durou escasos minutos. Con anterioridade, os reises visitaron o acuertelamento de Basauri onde o Ministro do Interior Juan Jose Rosón, que acompañaba a estes na sua visita, foi abucheado. Sen dúbida, a ocupación policial de Bilbao, especialmente intensificada pola tarde e nas horas nocturnas, foi a nota máis destacada desta xornada na que se practicaron oito detencións.

O mércores dia 4, os Reises traladáronse a Guernica en helicoptero tras visitar a factoria de Altos Hornos e o Espigón do porto de Bilbao, onde ia a ter lugar unha sesión extraordinária do parlamento vasco. Tras escoitar os acordes do hino nacional español debaixo do arbo milenário dos vascos, os diputados fixeron a sua entrada, na casa de Xuntas onde tomaron a palabra o presidente do parlamento vasco, Juan José Pujana, da Diputación de Vizcaia, e o lendacari Garaigoetxea. Posteriormente e cando comezaba a dar o seu discurso o Rei español, os eleitos de Herri Batasuna postos en pé e puño en alto comezaron a cantar o Eusko Gudariak. Trás os primeiros momentos de sorpresa vários dos presentes intentaron calar o canto dos membros da coalición por meio de aplausos e berros de "Viva o Rei", mentres as forzas de seguridade formadas por "ERTZAINAS do PNV" desaloxaban aos que en palabras de Pujana 'non respetaban o reglamento".

"Nós deixamos falar aos representantes das institucións vascas Pujana, Macua e Garaigoetxea— pero non podiamos ademitir a preséncia do Rei que non pintaba nada na casa de Xuntas e que é a encarnación de toda a falta de liberdades, asi como a ratificación e perpetuación da constitución española amplamente rechazada xa polo pobo vasco" manifestaron os membros da coalición abertzale nunha roda de prensa posterior *"diciamos todo isto porque vemos unha gran disparidade entre as valoracións realizadas polos meios informativos e o sentir popular"*.

O POBO NON SAIU A RECEBER

Tras finalizar o acto en Guernica o Rei trasladouse á zona do Durandesado para comer, para xa pola tarde entrar en Guipuzcoa. A pesar das reiteradas chamadas da alcaldia para que os donostiarras se botasen a calle a receber con clamor os Reises de España, o recebimento constituiu un rotundo fracaso a nivel popular , mentres que en poboacións como Pasajes, Rentería e Lezo se rexistraba un paro total en protesta pola visita dos Reises ao País Basco e polas detencións levadas a cabo nos últimos dias en San Sebastián, unhas 200 persoas situaronse para ver o paso do rei, mentres tiñan lugar duros enfrentamentos na parte vella da cidade entre manifestantes e policias.

O Xoves dia 5, tras os actos que tuveron lugar nos cuarteis de Loyola e na cofradia de pescadores en Fuenterrabia, os Reises españois daban por terminada a visita a Comunidade Autónoma Vasca. No aeroporto de Fuenterrabia foi despedido polos Ministros de Defensa Interior do Goberno español, polo lendakari Garaigoetxea, polo xeral Sainz de Santamaria asi como polo director da Guardia Civil, Aramburu Topete. No aeroporto atopábanse unhas 300 persoas, vários dos cales axitaban bandeiras españolas.

Trás a visita real non se fixeron esperar as valoracións ds lideres políticos do país. Asi, Garaigoetxea considera a visita de Juan Carlos I *"como unha confirmacion do proceso autonómico e do progreso do autogoberno de este país"*. Marcelino Oreja, delegado do Goberno no País Basco, viu as xornadas como "cheas de emocións" e reveladoras do reencontro do Rei co seu pobo. En parecidos términos espresáronse Roberto Letxundi, do partido comunista e Txiqui Benegas do PSOE.

Da sua bandá, Bandrés, considera o viaxe politicamente inoportuno *"xa que en Euskadi non se avanzou no proceso de normalización democratica o suficiente para que o Rei fose en olor de multitude"*, mentres Herri Batasuna, EMK, LKI, LAIA, os Comités Antinucleares e as Xestoras pro Amnistia vi ô viaxe dos Reises de España como un rotundo fracaso. O abano é amplo pero totalmente clarificador.

GRAN BRETAÑA

Unha lei segregacionista

O goberno de Mrs. Thatcher acaba de dar a coñecer o seu proxecto de lei de nacionalidade que propón crear tres clases de cidadáns do Reino Unido.

A proposta reproduce basicamente un polémico anteproxecto de lei apresentado en xullo pasado que teria graves consecuéncias para as comunidades de imigrantes, tornando a sua situación ainda máis precária do que é na actualidade. De ser aprobada, como parece probábel a xulgar polo clima político duro reinante, nun prazo relativamente curto esta lei institucionalizaria unha situación discriminatória legalizandoa, e colocaria á Gran Bretaña na compañía de notórios estados segregacionistas como Israel e Sudáfrica.

A mencionada lei prevé as seguintes clases de cidadáns británicos:

1) Cidadáns británicos propriamente ditos, con direito incondicional a residir no Reino Unido da Gran Bretaña e a Irlanda do Norte;

2) Cidadáns dos territórios dependentes da coroa británica (colónias), con direito condicional a imigrar; e

3) "Cidadáns británicos de alén-mar" (procedentes das ex-colónias), sen direito a imigrar.

Segundo estas definicións haberia actualmente un total de 59 millóns de cidadáns do Reino Unido e Colónias, dos cales 57 millóns terian direito de residéncia neste país (o Reino Unido propriamente dito ten uns 56 millóns de habitantes). A cidadania británica poderia adquirirse por ser fillo de pais británicos, ou por ter residido no país durante un prazo suficientemente longo para considerar que o solicitante está estabelecido como "residente habitual" e ten demostrado a sua lealdade co país; pero non terian direito a ela os nados en Inglaterra de pais estranxeiros (como na actualidade).

O proxecto de lei, que está a ser debatido no Parlamento, enco tra a oposición l'xica das comunidades imigrantes, non só polo seu carácter abertamente discriminatório, tanto racial como sexualmente, para futuras xeracións, senón polo seu insidioso efeito imediato de converter a moitos imigrantes en apátridas: tal seria o caso de moitos asiáticos e antillanos que hoxe viven e traballan en Inglaterra con pleno direito, e dos seus fillos nados neste país, que van a escolas inglesas e que se condideran tan británicos coma os brancos. Da noite para a mañá poderian atoparse con que perderon a sua cidadania británica sen por iso gañar a da ex-colónia da sua procedéncia; a esta xente poderialle ser negada a entrada no país de volta dunhas vacacións no estranxeiro, por exemplo, e non lles caberia nengun direito de apelación contra a lei xa estabelecida.

Ademais da inxustícia e racismo evidentes deste proxecto de lei, o seu texto está tan inzado de incosisténcias xurídicas e ambigüedades lingüísticas que o Consello Nacional para as Liberdades Civis non dubidou en calificalo de "pesadelo de maraña burocrática".

Non entanto, a proposta de lei segue o seu sinistro camiño polos corredores do Parlamento e todo indica que en breve contaremos co "apartheid" británico legalizado.

FRANCIA

Aumenta a xenofobia

CARLOS E. LOPEZ

"Imigrantes fora", "Un millón e meio de parados: millón e meio de estranxeiros de sobra", "Francia para os franceses"..... A medida que os efeitos da crise económica se intesifican sobre o hexágono, a corrente xenófoba aumenta o seu caudal dun xeito que alcanza xa nestes momentos cotas verdadeiramente alarmantes en certas zonas do país. O cinturón industrial que rodea París, a rexión lionesa, Marsella son escenários dunha proliferación dos slongas, e ainda dos atentados, de carácter racista descoñecida en Francia desde os tempos da ocupación alemana.

A poboación extranxeira que reside e traballa no chan francés metropolitano pódese evaluar no actual momento nuns catro millóns de indivíduos (dous millóns de traballadores), dos que perto do meio millón proceden das zonas mais asoballadas do Estado español, especialmente de Galícia e Andalucia.

Estes homes e mulleres chegaron a Francia nos momentos de maior expansión económica do país, contribuindo dun xeito substancial ao "boom" económico francés dos anos sesenta, cando encheron a gran lagoa demográfica producida pola débil natalidade do periodo da Guerra e imediata postguerra.

Hoxendia, non obstante, a situación cambiou radicalmente de signo en Francia. Por unha banda, a crise economica, derivada tanto da elevación dos précios dos crudos como da extenuación do sistema de desenrolo que fixo marchar o aparato económico do sistema de desenrolo económico occidental na postguerra por outra banda, a irrupción no mercado de traballo da moi nutrida xeneración dos xovenes nados no periodo da euforia económica, fan aparecer ao extranxeiro como un intruso que lle está sacando ao francés practicamente o pan da boca.

Por suposto, semellante teoria non só non disculpa a ola xenófoba que atravesa Francia, senón que nen sequera pode xustificarse a si mesma. Iso non abonda para que gañe adeptos de dia en dia, sibilinamente alentada como está polo Goberno, que encontrou neses catro millóns de imigrantes un perfeito chivo expiatório da sua impericia á hora de administrar a crise.

Os estudos estadísticos máis fiábeis sinalan unicamente que a expulsión dos extranxeiros de Francia, lonxe de contribuir ao alívio do bache polo que atravesa, prodiciria un marasmo económico de consecuéncias dificilmente previsíbeis. Esquécese aqui que os extranxeiros non só traballan, senón que, ao mesmo tempo, consumen. A sua expulsión produciria un descenso tal da capacidade de compra interior francesa que non poucas empresas verianse obrigadas a pechar as suas portas.

Analizando estadisticamente o problema sobre o exemplo da expulsión dun millón de extranxeiros laboralmente activos (dous millóns de indivíduos, habida conta dos familiares que voltarian con eles), chegouse a conclusión de que o paro presente non seria reducido máis qeu en cento mil unidades. Considerando que ao tempo se reduciria en 840.000 o número dos cotizantes ás caixas de seguro de desemprego, a operación resultaria tremendamente perxudicial para os traballadores franceses , sendo os únicos favorecidos os patróns, que verian reducirse sustancialmente as suas cargs sociais.

Esta realidade económica, que até certo ponto non deixa de ser presentábel en termos dunha certa adsequibilidade, é, non obstante , case unanimemento ignorada polo francés. As mellores vontades estrélanse contra o muro que supón o lugar comun da preséncia de imigrantes en Francia non se explica máis que en termos de obrigatoriedade moral. Son unha carga, vense a recoñecer tacitamente desde a esquerda francesa, pero xa que os chamamos para sacarnos as castañas do lume, hai que cargar con eles. Filosofia tan noble como de contraproducente exteriorización tal e como se encontra os ánimos.

Asi as cousas, e se sumamos a esta torpeza linguística da esquerda, a hipocresia do Goberno e a hostilidade militante da direita compréndese que a vida cotidiana lle resulte ao imigrante en Francia cada dia más penosa. Ignorante el mesmo da sua importáncia no esquema económico, obxecto da crecente antipatia do meio ambiente social no que vive e traballa, que nos casos máis extremos chegou xa a agresión física , non lle queda máis alternativa que reducir o seu marco de convivéncia ao da sua própria comunidade nacional de orixe.

O panorama complícase, ademais, particularmente nos tempos que corren, cando a idea do retorno xa non é funcional como alívio da psicoloxia do emigrante, por atoparse os países de orixe nunha situación ainda mais crítica que a dos países de repceción. Esta idea, todo o alleante que se queira, sirveu duante non pouco tempo de tuvo de escape e garantia dunha precária saúde mental do imigrante. Hoxe cando maior é a presión do meio, xa non é utilizábel como coartada psíquica, podéndose xa falar de comunidades cunha saúde mental, xa non de ghetto, mesmo de gulac.

Por desgrácia, países como Francia, berce dos direitos humanos de toda sospeita de institucións como Amnisty Internacional.. En pleno corazón do occidente "libre" existe a tortura e existe a represión xenófoba. Só hai que esmerarse e buscar un pouco. Non é tan profundo.

[981]
599898
o teléfono dos músicos galegos
sindicato galego da música
SERVICIO DE CONTRATACION
APARTADO 1.131 (SANTIAGO)

ixolo
PARA VOS PAIS
E EDUCADORES

ixolo
¿Os vosos rapaces teñen dificuldades na casa ou na escola?
¿Teñen atrancos coa linguaxe?
¿Teñen problemas co seu corpo?
¿Non se desenvolven como vós quixerades?

ixolo
CENTRO
DE PSICOPEDAGOXIA
INFANTIL
Rua de S. Francisco -21
Xardin S. Carlos
Tel. 211703 A CORUÑA
PARA VOS, PAIS
E EDUCADORES.
Entre vos e nós tentaremos atopar unha boa saida para os vosos nenos.

A loita galega

Os estudosos occidentais do deporte din que a diferércia entre esta actividade e os xogos consiste na competitividade, en que o deporte ten unhas reglas, estando regulado por unha federación. ¿Pode considerarse valido isto como regla xeral?. Coido que non. Hai moitos xogos que son tan competitivos como os chamados deportes, vexamos senón a diferéncia entre as "damas" e o "axedrez", ou entre o "brilé" e outras actividades físicas recoñecidas por todos como deportes.
Se unha actividade física non ten unha federación, reglas teñenas todos os xogos tamen, creo que nisto debemos de estar todos de acordo, senón seria imposibel xogar; ¿podemos afirmar que non é deporte, excluida desta denominación?



FOTO ALFONSO EYRE

Clásica posición de saída na loita Galega.

E ben sabido cales son as pautas de conduta que rexen no mundo capitalista, as do benefício económico, das que non están exentas, claro está, as actividades físicas. E por isto polo que unhas actividades están reguladas, sempre buscando o lucro económico, e outras non contan con organizadores-orientadores, que son, nen máis nen menos as distintas federacións: a fronteira que separa, non mundo capitalista, aos deportes dos xogos é o benefício economico,

Ademáis ¿pode unha actividade ser xogo e repentinamente pasar a ser deporte só por crearse unha federación, como pasou recentemente, poñamos por caso no "voo libre".

Se estas reglas non teñen validez xeral, como quedou visto, menos o teñen en nacións colonizadas ou en aquelas nas que a sua cultura autóctona está sen normativizar e sen normalizar. Todas as suas actividades próprias e características sempre son marxinadas intentando que desaparezan, língua, costumes, actividades físicas.....

Algunhas actividades físicas, que noutro tempo tuveron un gran arraigo, quedaron relegadas e marxinadas, só conservándose algunhas veces por unha minoria.

Esto foi o que pasou co a LOITA GALEGA.

A loita, nas suas diversas modalidades, foi unha actividade física que estuvo presente xa desde un comezo en todas as culturas. Que eu saiba ainda non está determinada a procedencia primaria da "Loita Galega", a pesar de ter unha semellanza coa "Loita Grecorromana" ou coa "Loita Canaria"; ainda que hai que dicer tamén qué todas as loitas teñen elementos comuns, como se pode ollar nas modalidades que apareceron recentemente, a "olímpica" ou a "Loita libre". Baséanse todas no mesmo, na forza e na maña para imovilizar ao contrário.

COMO SE LOITA NESTA MODALIDADE

Parten os loitadores da posicion de "pé, agarrados, brazo por riba, brazo por baixo". Os dous procuran botar o corpo o mais para tras posíbel para que o contrincante non lle poda "facer a zancadilla" ou "poñer a perna", e se o fai que se desestabilice, co que lle será máis fácil ao outro tiralo ao chan.

Tamen xoga aquí un papel bastante importante "o cotovelo", do dedo gordo apretado con forza na coluna para que o contrario "teña que pandearse" e asi podelo traer a carón dun para balancealo e tiralo.

Os brazos, "brazo por riba, brazo por baixo", non poden mudarse de posición en todo o combate.

Pontoa no combate o que logre tirar ao rival facéndolle tocar coa espalda no chan.

Gañará aquel loitador que consiga gañar duas das tres loitas. Para poder loitar entre dous adversários e necesario que teñan máis ou menos o mesmo peso. "Ti non podes loitar con ese xa que lle comes as papas", dise frecuentemente cando un grande quer loitar cun pequeno.

As loitas, que tuveron un papel importante en moitas sociedades, eran ainda a forma de dirimir múltiples conflitos en Galícia. Posicións parecidas a que se utilizan neste deporte podemolas ollar en codices medievais.

Encontrámonos, por outra banda, que hoxe hai moi pouca xente que sabe loitar, pero, fai vinte e cinco anos, por exemplo, todo mozo galego "que se preciase" tiña que saber "loitar ben", como agora todo burgués ten qué saber xogar ao tenis. Isto pode dar unha mostra do arraigo que tiña a loita na sociedade galega de hai só uns anos, e que hoxe temos que facer reverdecer e parar asi un pouco a avalancha de loitas foráneas a nosa maneira de ser e de vivir que nos están invadindo, como son as denominadas "artes marciais".

A recuperación total da nosa identidade pasan tamén polos deportes.

PUCHEIRO

A cada un o seu

O Axuntamento de A Coruña, tan de actualidade nestes últimos tempos polo recrudecimento da campaña montada para sacar ao nacionalista Merino do sillón de Alcalde, ten que estar tamén nestas paxinas deportivas dado que os feitos ali ocurridos, ao reclamarselle á empresa "R.C. Deportivo de La Coruña" os cartos que adeuda ás arcas municipais e a firma do Sr. Hermida, Secretário Xeral de Deportes, no "Libro da Ciudade", puxeron unha vez máis de manifesto a mentalidade, aparte a instrumentalización política, que teñen certas persoas e partidos sobre o deporte.
Hai cousas que, uns por intereses e outros por medo, non queren dicer e hai que dicilas.

En primeiro lugar, ten que quedar ben claro por moito que lle pese a alguns, que o R.C. Deportivo da Coruña e unha empresa, como dabondo claro está na lexislación. E é unha empresa que se dedica a montar espectáculos que levan implícitos so unha parte de deporte. Como tal empresa debe de satisfacer as arcas públicas a contribucion asignada. Isto non se opon a, que se as instalacións públicas xuzgan necesario subvencionar as suas actividades dado o interés publico que teñen, ainda que para nos o interés publico do deporte espectáculo é moi relativo e sempre en función da aficion a práctica do deporte que poda crear, o fagan pero para isto a primeira condición debia ser, ten que ser diríamos nos, contribuir como calquera entidade ou cidadan normal.

De nada vale tampouco dicer que é o "equipo representativo da cidade". Esa representatividade non existe nada mais que para alguns forofos e exaltados. Compiten os equipos entre si que non o fan as cidades nen as nacións, o máis que poden chegar é a representar os sentimentos dunha pequena parte da poboación. Parecida representación que o R.C. Deportivo da Coruña poderian tela o Bosco, o Tabacalera, o Liceo, o Santa Margarita, calquera equipo de submarinistas, de cazadores, corredores, ou doutro deporte calquera.

As cousas hai que poñelas no seu sítio, por moitos intereses creados que haxa ou medos dos partidos políticos.

UNHA FIRMA POLEMICA

O Sr. Carreira, Alcalde accidental da Coruña por ausencia do Sr. Merino, mandou firmar no "Libro da Ciudade ao Sr. Hermida, Secretário Xeral de Deportes, na sua visita que este fixo recentemente á cidade coruñesa. Cando voltou o Sr. Merino do seu viaxe, declarou, para nos con bon criterio, que se el estivese, o Sr. Hermida non houbera estampado a sua firma en dito libro. As criticas viñeron de todos os lados, desde alguns concellais, "autoridades deportivas", xente que cree ser representativa do sentir dos coruñeses... ate, como non, a propria oficina de prensa do Sr. Hermida.

E lamentábel que un partido que se nomea a si mesmo como socialista e obreiro, referímonos, claro esta, ao Partido Socialista Obreiro Español, caia nos mesmos erros que se viñeron dando durante estes últimos anos.

¿Qué critérios rexen para estampar a firma nese libro? ¿Teñen que ser persoas con méritos recoñecidos por toda a cidadè ou pode firmar calquera que ocupe un cargo político, designado por aqueles que viñeron obstentando o poder durante anos? ¿Qué fixo o Sr. Hermida pola Coruña? ¿Qué vai facer?. Creemos que non fixo nada e vai facer menos, como creemos tamén que a sua firma é tan imerecida como a de tantos outros que teñen xa firmado.

Agora ben, o Sr. Merino sabia o que dicia e tiña razón, no libro dunha cidade non pode firmar un Señor so por mor de intentar que o organismo que preside solte unhas migallas máis dun presuposto que veñen ano a ano malgastando e non utilizando no deporte.

A cada un o seu, e ao deporte galego o que en xusticia lle corresponde.

Páxinas
de critica
e información cultural

Guieiro

Correspondentes
ao N.º 142,
do 13 ao 17 de febreiro de 1981

Homaxe a un artista polifacetico

A obra de Carlos Varela exponse estes dias a iniciativa de diversas asociacións e clubs culturais de Galícia. Pero ademais das facetas que tuvemos a ocasión de ver nas galerias Sargadelos e Citánia de Santiago, compre facer mención doutra dimensión do seu labor que agromou xa no ano 75.

Carlos Varela era ante todo un home moi humano e unha das suas vocacions era a docencia.

Daquela creouse o grupo cinematográfico Nos por parte dun fato de persoas interesadas na potenciación do cine galego. Con Carlos estaba Cipriano Jimenez Casas, Jaimen Fernández Cid, Xosé Paz, Nemesio Barxa, Victor Freixanes, Daniel Pino, Eloi Lozano, Julio Alonso e Alvarez Pousa. As actividades desenroladas, como foron a creación do primeiro concurso de guións cinematográficos e o manifesto dos cines nacionais firmado nas xornadas de Ourense, non puderon conseguir unha continuidade, polos atrancos que nun mundo cultural cheo de dificuldades como é o noso, tollen e esterilizan tantas inciativas. Esta frustración temperán do que prometia ser o agrelar en Galícia dunha ponla básica da cultura contemporanea como é a cinematográfica, non impidiu que a nivel persoal C. Varela seguise a sua traxectória neste eido, filmando movilizacións e loitas populares, nunha liña que se poderia encadrar dentro dun "cine de urxéncia".

A mostra que hoxe comentamos preséntanos os seus traballos menos coñecidos nos terrenos dos textís, da cerámica e do grafismo. Carlos, dicia a miúdo referíndose ao macramé que, aos galegos, este arte seméllanos alleo. Mais ninguén pode negar a fasquia mariñeira de Galícia e o macramé ten moito que ver co mar e cos mariñeiros de todas as épocas e países. En efeito, o macramé débel el moito aos mariñeiros, ao seu tempo de descanso. Por esa via entrou non noso pais, ainda que hoxe esteña practicamente esquecido. Só algunha persoas, moi poucas, son as que hoxe traballan neste eido na nosa terra, e fano ante todo por cuestións didácticas. C. Varela estaba convencido da importáncia de incorporar o macramé a escola, por un feixe de cualidades pedagóxicas que contribui a desenvolver: adquisición e desenrolo do domínio do espácio, ritmo, tempo e lateralidade.

Noutra dirección traballou na cerámica para, entre outras razóns, mostrar o conflito entre unha cerámica galega tradicional con finalidade doméstica e unha cerámica actual, esencialmente decorativa. Para Carlos esta cerámica decorativa perderia todo o seu valor se se prescindise da artesania alfareira. A sua cerámica é xa que logo, reflexo fiel dese momento histórico -década dos 70- cando parecia irreversíbel a perda da tradicción alfareira outrora xeralizada en Galícia.

Os diseños as suas lámparas, por exemplo, mostrannos unha versión actualizada da función que poden ter hoxe unha pezas como as olas tradicionais feitas en Bonxe. Os diseños doutras pezas decorativas teñen reminiscéncia da nosa história cultural, petroglifos, poño por caso, como se albisca na peza titulada A Nosa Terra.

O seu grafismo adopta un caracter vangardista, introducindo anagramas e letras de formas non usuais.

En definitiva, o empeño artísco de C. Varela parece guiarse

Duas mostras da arte de Carlos Varela: o macramé e os murais.



lao -neste país Castelao sempre ten a última palabra como afirma D. Ricardo Carballo Calero-: "O porvir da arte galega non está en traer de fora un estilo novo, senón en crear nos mesmos o noso novo estilo. E todos cantos preferimos ser escravos da natureza a ser ecravos das leis dos homes proclamamos a necesidade de que os sentimentos galeguistas señan cerne da tradición"

axenda

PUBLICACIONS

Esta nos quioscos o número 1 da revista **COORDENADAS** caracterizado como xa prometia o N. O pola variedade temática que abrangue desde a reflexión sobre a problemática universitária e a contestación estudantil —nas formas de loita ensaiadas o pasado curso—, até o artículo de ensaio a profundizar nalguns aspectos do pensamento filosofico galego e universal. O sumário complétase coa sempre refrescante colaboración literária e a referéncia a cuestións de doente actualidade como é o tema ecolóxico.

LIBROS

(Re) Introdución ao Marxismo. Martinez Marzoa. Edicións Xerais.

A vida dos peregrinos polo camiño de Santiago; Barret e Gurgaud.

Obra Completa 3 de Ramón Cabanillas. Akal.

Dicionário Enciclopedico galego-castelan. Rodriguez Gonzalez. Galaxia.

Aqueles anos de Moncho. 2 edición. Neira Vilas. Akal.

Galego 2, 3 edición. Universidade de Santiago.

TEATRO

A Cooperativa de Teatro do Estaribel dêsprazaráse o vindeiro mes de Marzal a Granollers, xa que foi convidada a escenificar dentro do IX Cicle Internacional de Theatre daquela cidade catalana, o seu espectaculo **Bailadela da Morte Ditosa.**

ACTOS

Martinez Coello expón a sua obra recente na Delegación de Cultura de Compostela do 13 ao 22 de febreiro. As horas de visita en dias laborais son de 7 a 10 e de 12 a 2 en festivos.

O dia 13 de febreiro e dentro do ciclo de Sesoloxia. Organizado pola Comisión da Muller do Ateneo da Coruña, pronunciará unha conferéncia Armand de Fluvia, membro fundador do Front d' Alliberement Gay de Catalunya e da Comisión de Defensa dos Dereitos Humanos de Anistia Internacional sobre o tema da **Homexesualidade Masculina.**

CINE

CORUÑA

Dia 12. Proxección de **A Lei do mais forte** de R.W. Fasslinder. Organiza a Comisión da Muller e a de Cine do Ateneo da Coruña.

SANTIAGO

Dia 13. **O Delito Matteoti.** Na Aula de Cultura. Proxecta o Servício de Cine do Vicerectorado.

Dia 16. **A vella memoria.** En La Salle. Servício de Cine.

MOAÑA

Dia 20. **Malas terras.** Proxeccións do Cine-Club.

desenguedellando

MERCEDES PINTOS-ROSA VILA

Nominas II

Seguindo co tema das nóminas, falaremos agora de duas pagas, horas extras e máis benefícios, para entrar despois no tema dos descontos.

HORAS EXTRAS: O seu incremento virá fixado no Convénio ou contrato, non poderá ser menos do 75 por cen sóbor do salario que corresponde ás horas normais. Non poderán facerse máis de 2 ao dia, 15 ao mes e 100 ao ano. O goberno poderá suprimilas por tempo indeterminado, con carácter xeral, por certas ramas ou nalguns sítios, segundo a situación do paro.

Non se teñen por horas extras as traballadas para prevenir ou reparar danos urxentes ou siniestros.

Son voluntárias mesmo que a súa realización se pactara no Convénio ou Contrato.

Computaránse dia a dia, totalizaránse semanalmente dándolle cópia ao traballador do resumen semanal (art. 35 do Estatuto).

Cotizan a Seguridade Social nun 14 por cen do cal os traballadores pagarán un 2 por cen e o empresário o 12 por cen restante.

BENEFICIOS: Xeralmente páganse unha vez ao ano (no marzal ou setembro) agás nalguns ramos como é a construción que se pagan mensualmente.

DESCONTOS: Calcúlase a base da cotización a Seguridade Social que é a remuneración total máis a prorrata das pagas extras.

A base de cotización tén que oscilar entre a base máxima e mínima, dadas polo goberno para cada categoria profesional. Se o salário do traballador supera base máxima ou é inferior a mínima, cotizariase, repectivamente, pola base máxima ou mínima dadas polo goberno. O desconto é do 7,70 por cen da base normal sen as horas extras. Para o SEGURO DE DESEMPREGO o desconto é o 0,52 por cen coas horas extras.

IRPF ven dado polo goberno, faise polas cotizacións dos outros anos, é variábel e, até o fin do ano non se pode reclamar.

Este imposto sóbor das persoas físicas non é mais que declaración da renta, é dicer, durante todo o ano cada un de vos está cotizando á Facenda, cando fagades a declaración, e a suma do IRPF é menos do que vos toca pagar, a declaración sae positiva e haberá que pagala diferéncia, se é mais, sae negativa e teranvos que dar a diferéncia.

Todas as nóminas deben levar un apartado para poñer as percepcións por anticipos caso de se dar.

Nalgunhas empresas pequenas, e mesmo nas grandes, é frecuente non poñer nas nóminas o salário real, ben señan primas, incentivos, horas extras, gratificacións, dietas, etc. que se pagan en sobres ou recibos aparte, sen o selo nen o membrete da empresa ou, de telo, non se lle da cópia ao traballador. A finalidade que perseguen as empresas con esta práctica é a de cotizar menos á Seguridade Social e máis a Facenda. Isto supón impoñer ao traballador condicións de dependéncia xa que todo o que vai aparte da nómina teoricamente non existe e, polo tanto, pode suprimirse ou reducirse sen nengunha posibilidade de reclamación. Outra cousa é que mediante algunha proba ou testificación poda demostrar a existéncia destes cobros na Maxistratura. Son unha boa medida para diferenciar e discriminar aos traballadores.

Ademais dos perxuícios xa ditos, hai outros máis, como son;

Ter unha cotización moi baixa á Seguridade Social e, polo tanto, as prestacións que no seu dia podian corresponder por xubilación, desemprego, etc. serán proporcionais ao salário cotizado.

No caso de despido, as indenizacións son sóbor do salário real.

Nalguns convénios, Ordenanzas etc, as pagas extras son o salário real e pode o empresário negarse a dar máis do que ven na nómina. Igual pasa coas vacacións.

O argumento que emprega o empresário para manter estas situacións, cando non lle abonda a imposición sem máis, é o de querer demostrar que con todo o salário na nómina saiades perdendo xa que tendes que cotizar máis á Seguridade Social, isto, que cáseque sempre é certo, non ten en conta os perxuícios sociais e máis económicos que poden traervos a meio e longo prazo.

Outra das fórmulas semellantes máis adotadas son as chamadas "GRATIFICACIONS VOLUNTARIAS" que estan proibidas legalmente, non obstante séguense a usar, cando están na nómina teñen a pega de poderen ser absorbidas, total ou parcialmente, polos aumentos legais que vaian xurdindo nos convénios, Salário Mínimo, Laudos, etc. as empresas que pagan máis do salário que legalmente lles cumpre, teñen que incluir estas contidades como complemento salarial por cantidade ou calidade de traballo.

Todas as nóminas deben levar a firma e máis o cuño da empresa, vos podedes firmalas estendes ou non dacordo pois co feito de facelo somentes estades recoñecendo que vos dan esa cantidae e podedes reclamar o que vos falta.

Para reclamar, antes de ir a Maxistratura hai que pasar polo IMAC.

fauna galega

PATIÑO

Páxaros amigos

"Seian por entre as estrelas teus camiños/ e seia o teu vivir outo e profundo./ Cando en arraso se desfonde o mundo/ seguirán revoando os paxariños".

(R.Cabanillas)

Vivimos mergullados nun mundo complexo: erguémonos, collemos o coche entre outros cen coches, imos ao traballo, cruzamos con cen persoas, andamos de compras, imos ao cine, facemos cen actividades neste mundo creado á nosa medida, á medida da especie humana, sen decatarnos quizais que non estamos soios, que ao par de nos existen outros seres cada vez máis e máis acorralados, e que non obstante, tamén son de vital importáncia para nós. Falo das miñocas, das aves, das arañas, de certos mamíferos, como o ourizo-cacho ou os morcegos, falo dos sapos ou das cóbregas. Unha nova mentalidade de convivéncia, de auténtica convivéncia e de respeito de cara a estes seres, que tamén teñen o seu direito a existir, debe sustituir á mentalidade actual de agresión ao meio, de despilfarro de outras vidas, dos recursos naturais. Un campo despoboado desas outras cen formas de vida seria esteril. Precísase repetir unha e mil veces o lema do pasado "Dia Mundial do Meio Ambiente" que ven a ser como un berro a gobernantes e cidadáns: "Desenrolarse sen destruir o entorno".

Entre a multitude de seres que se ven perxudicados dia a dia pola actividade da espécie humana, están as aves, que son tamén precisamente os seres que máis chaman a nosa atención no campo, no monte. A extensión das urbanizacións ao campo, á beiramar, á alta montaña, o traslado a estes lugares das características da cidade, fumes, barullo, a contaminación, a desecación de zonas húmedas, a caza excesiva, o envenenamento por insecticidas, son exemplos de como a actividade humana afecta a estes seres precisamente no noso país, que pola sua situación xeográfica, ponte entre dous continentes, é lugar privilexiado para as aves. Di Alfredo Noval: "En la Península Ibérica el interés por las aves (enténdese polo seu estudio) fue siempre objetivo de muy pocas personas; sin embargo Iberia es, en nuestro continente, el lugar más apropiado para hacer un estudio sobre la avifauna". Non obstante nós creemos que si existe un interés primário na nosa xente, quizais logo non ben canalizado, porque, ¿quen de rapaz non se interesou polos paxaros?, ¿quen non andivo aos niños?. Ben o refrexa Neira Vilas en "O cabaliño de buxo".

"Na porta da escola, nas eiras, en calquer recanto da aldea, cando chegaba o tempo do sol quente e das follas verdes, os rapaces falaban dos niños:

—Eu sei dun de pega marza.
—E eu atopei tres de carrizo"

En diversos números de "A NOSA TERRA" escrebin ás veces sóbre das aves e os seus problemas. Pretendo agora, ao longo de dez números, falar convosco, leitores dalgunhas desas aves que están na nosa Galícia, aves coñecidas, o moucho, as anduriñas, o mascato, o cuco.. Algunhas das cousas que se digan serán quizais novas, outras, xa sabidas, pois sobre as aves está xa dito case todo, xa que son centos e centos os libros que hai sóbor destes seres, da sua identificación, da distribución, da alimentación, da etoloxia, da anatomia da evolución, da sua protección, das suas migracións, dos seus sentidos, e tantos outros aspectos da sua bioloxia, ademais dos que falan de espécies en particular. Tan só en Inglaterra aparece un novo libro de aves cada quince dias.

As aves forman un gran mundo dentro dos outros seres vivos. Hai arredor de 8.000 espécies diferentes desde o ciño, cos seus 15 kg. de peso, a un pequeno paxariño cubano que pesa 8 gramos, desde aves de 55 milímetros do tamaño da avestruz, de 2,5 metros de altura, ou ao albatros, cos seus 3,5 metros de envergadura. Alguns son os reis en canto a recorrer distáncias, asi un carrán voa cada ano 34.000 km., isto é, da practicamente á volta á terra; outros baten records increíbeis, por exemplo hainos que poden bucear astra 75 cm de fondura. Como vedes todos estes detalles son unha invitación para interesarnos máis e mais polas aves.

Non sempre estes seres foron beneficiados polo interés do home, e diversas espécies foron extinguidas, desapareceron irreversibelmente, entre elas a modo de exemplo pódense citar a alca xigante, o pato do Labrador, a ave-elefante, que chegaba a pesar meia tonelada, o dodo, o loro de Carolina, a pomba migratória, que foi sen dúbida a espécie entre as aves, mais numerosa de todos os tempos, pois os seus bandos estaban formados por millóns de componentes, e estaban durante horas pasando e pasando sen parar. Tamen na nosa terra moitas aves teñen graves problemas de superviéncia, as perdices, as aves de rapiña, moitas aves do mar. Como di Ulrich A. Corti: "La civilisation pénetre de plus en plus dans les habitats naturels des oiseaus et les modifie" ("A civilización penetra cada vez mais nos habitats naturais dos paxaros e modifícaos".

Mais as aves non son só ciéncia, son tamén conto (¿coñecedes o conto de Marica a pega?), son poesia e os nosos escritores non puderon escapar ao seu engado, falando deles, asi di Dario Xohán Cabana no seu "Vocabulário chairego":

. . . . . .
perdices, lebres, coellos,
pazpallares e carrizos
pardales e carpenteiros,"
. . . . . .

e ¿quen non coñece os "Feros corvos de Xallas" de Pondal? Tamén di Cabanillas:

"No salgueiral os merlos asubían
un nouturnio doente.
No aleiro do teilado
os caseiros pardales rechouchían
queda, quediñamente..."

Tamén Cunqueiro nos falou dun corvo branco, do cuco e doutros mais. Asimesmo no cancioneiro popular aparecen os paxaros unha e outra vez e icantas delas cun aire coñón e retranqueiro!:

"Eu ben vin andar ó merlo
dende salgueiro a salgueiro
casa aquí, casa acolá,
io merlo sempre solteiro!"

e ¿qué me diredes desta outra?:

"O merlo e maila merla
iban polo prado abaixo;
a merla como é pequena
escorreu, caeu debaixo."

Pero hoxendia as aves precisan da nosa axuda para sobrevivir. O teu labor, amigo leitor, elles importante. Despidámonos hoxe, (recordando de novo esa cita semanal coas nosas aves), con este soneto de Faustino Rey Romero que titula "O melro larpeiro" (hoxe vai de merlos):

"Mais que melro cantor, eres larpeiro./(Se che ofendo, disculpa o que che digo.)/Nomearche a cereixa, a uva, o figo.../auga debe facerche no peteiro.

Esa sona que tes de lambisqueiro/ xa non é nova, que che van de antigo,/porque dunha figueira es mais amigo/que da pola lustrosa dun loureiro/.

E o teu gozo meirande andar de esmorga,/pois sabes que ó que ten valdeira a andorga/elle imposibre ter o ánimo ergueito./

Anque o teu proceder eu non comparto,/cando vexo que tes o buche farto,/que che faga, desexo, bon proveito./"

GuieirO

andando a terra

MANUEL HORTAS VILANOVA

Os cacharreiros da miña tribu e as suas cancions

Estou fachendoso de ser dunha terra de cacharreiros. Nos días da miña infancia teño ollado, moitísimas veces, fumegar os fornos dos oleiros de Bonxe, Silvarrei, Pape, Penelas e do meu Outeiro de Rei natal. En Outeiro de Rei tiñan industria aberta o señor Manuel e o señor Francisco do Cantón —que eran irmaus— e o Xan de Cápete. Moitas horas teño usado ollando atentamente cos meus ollos de neno moi abertos e estantíos, como o señor Francisco do Cantón —que era da quinta do 13 como meu pai— ou o Xan de Cápete lle daban á roda, situada na cociña chea de fume, frente a lareira. O meu asombro chegaba xa ás súas lindes —a súa situación límite que diria un "listo"— cando, das súas maus de hábiles artesás, xurdía, en menos tempo do que ún tarde en botar un salouco, unha cunca, unha xarra, un porrón, unha ola, unha chocolateira ou un asado. E logo a habilidade con que, o mestre cacharreiro, manexaba un anaco de aramio pra separar a peza da roda e a delicadeza con que collía a peza en ar e a pousaba na táboa xunto das outras pra poñelas a secar ó sol e ó vento, denantes de metelas no forno.

Servidor incruso ten feito xirar a roda algunhas veces. ¡Qué alegría.! Cando os cacharreiros da miña tribu cocían unha fornada de barro iba tamén ó forno un peto, unha cunquiña, un plato ou unha xarriña moi xeitosa co meu nome grabado, agasallo dun mestre chacharreiro, que pra eso ún, anque esteña feo decilo, era fillo do alcalde e aínda o fillo máis vello que iba pra vinculeiro. Os rótulos que poñían nas pezas con que me atencionaban, escritos cun garabullo afiado con navalla de Taramundi ou cunha punta do piso, eran sempre os mesmos: SOI DE MANOLIÑO DE ORTAS. As veces incruso escribían HORTAS con hache. E outras escribían: DORTAS. De toda aquela riqueza e regalía, oxé só quedan dous cacharreiros en Bonxe, dos que xa falei nestas páxinas: o Manuel do María e máis o Indalecio.

Todo o vello proceso da elaboración manual do barro vaise perdendo como tantas outras cousas antigas e fermosas. Toda esta manipulación creou un folclore de seu, recollido e pubricado recentemente polo erudito investigador Alfredo García Alén. Entre este material hai cántigas, refrás e adiviñas. Algunha das cántigas refírese ós cacharreiros da miña tribu. Son poucas. Xa Anxel Fole sinalou, hai anos, que na Terra Chá a xente é pouco cantadora. A primeira das cántigas a que me vou referir foi recollida en Bonxe, centro alfareiro da bisbarra. Nela faise unha louvanza do cacharreiro e do productivo que é o oficio:

Casa comigo, Rosiña,
mira que son cacharreiro.
Durmirás en boa cama
e sempre terás diñeiro.

Outra das cántigas tamén está recollida en Bonxe. E unha estrofa picaresca, de doble senso, tan frecuente en moita da poesía popular galega. Esta peza non é gran cousa pro menos dá unha pedra:

O cacharreiro na roda
pásache moito traballo.
Maruxiña, si cho pide,
pola túa alma, dallo.

A terceira das cantigas procede Silvarrei, onde houbo grandes cacharreiros, deixando moita sona o difunto Pallón, verdadeiro mestre no decorado das pezas. A súa decoración era sobria, sinxela, limpa. Facía unhas curvas deliciosas como lúas en cuarto menguante. A decoracion que actualmente fai a Xosefa, a muller do Indalecio de Bonxe, no que entendo, ten moito que ver co arte decorativo do Pallon de

Silvarrei que, como se ve, creou escola. Os versos recollidos en Silvarrei son así:

O cantar do cacharreiro
é un cantar moi baixiño:
cántase en Silvarrei
e resona en San Martiño.

Esta cántiga é un plaxio ou unha trasposición mimetica do famoso canto do arrieiro, tan popular en toda Galícia:

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño:
cando canta en Ribadavia
resoa no Caballiño.

San Martiño —que na localidade dicen Samartiño— é unha parroquia do axuntamento de Outeiro de Rei, non lonxe de Silvarrei, situada nun outo. O seu nome completo é San Martiño de Guillar. A súa eirexa óllase a moita distancia. Nun lugar desta parroquia, chamado Buxán, naceu a aboa paterna do que esto escribe. Noutro lugar da mesma parroquia, perto da Ponte Nova, a veira da estrada xeral, xunto ó Río de Robra ou Río Pequeno, os cacharreiros de Silvarrei tiñan un caseto que utilizaban como almacén da súa industria e dediante do que cargaban e descargaban a mercancía, nas súas idas e vindas das feiras. Non estou seguro si os de Bonxe usaban ou non esta edificación ainda que, ás veces, paréceme que sí. Non teño noticias si en Samartiño de Guillar houbo ou non cacharreiros. O que sei e que os cacharreiros de Bonxe, Penelas, Silvarrei e Outeiro de Rei iban as barreiras de Samartiño, que eran moi boas, polo que eles chamaban **"barro blanco"** que usaban pra decorar as pezas. En Samartiño houbo unha importante ceramica industrial que fabricaba ladrillos e que coido fundou un tal Loureiro. Despois foi dos Carro de Lugo. Na actualidade esta pechada. Entre os veciños de Samartiño e os sucesivos donos da ceramica houbo pleitos importantes e abondosos pola posesion do monte que e da parroquia.

Que conste que na miña tribu nunca decimos alfareiros. Decimos sempre cacharreiros como debe ser.

literatura popular

PRETO DE CERDEDELO

A narración: lendas e contos

Xa dixemos que as lendas pretenden dar conta dun feito real e verídico mentres que os contos preséntanse como pura creación literária, como pura invención. Non obstante a división entre estas duas categorias narrativas non é sempre tan evidente. Hai lendas tan trasformadas que mesmo semellan contos polo seu contido e hai contos que ben poderian ser lenda. Esto confirma quizais aquela teoria ben coñecida que presenta o conto como unha derivación das lendas por meio de trasformacións. Compre tamén anotar que hai moi poucas lendas que narren feitos puramente reais e verídicos. A maior parte delas presentan os feitos xa transformados, unhas máis e outra menos.

LENDAS

Comezaremos a análise das lendas mostrando algun exemplo de trasformación dos feitos narrados nelas. En Cerdedelo (Ourense) os vellos narran unha lenda que di que os seus habitantes vivian hai moitos anos noutra aldea (onde hai un castriño) que tiveran que abondonar por sofreren unha invasión de formigas. Ora, por aquela zona andivo unha tribu celta chamada Formigos polo que podemos supor que o feito verdadeiro se refire a unha hipotética invasión sofrida polos Formigos, habitantes daquel castro.

Entre as divisións que se dan das lendas compre anotar: as **lendas históricas**, as lendas **etiolóxicas** e as lendas **haxiográficas.**

As lendas históricas narran feitos históricos: fundación de vilas e cidades, batallas e outras fazañas. Son tantas as lendas lexendárias de Galícia pondo por orde aquilo de : "Pudérase facer unha história lexendária de Galícia pondo por orde as lendas recollidas" (Risco). Entre estas lendas podemos citar a que se refiren á fundación de Noia por Noe ou Noela e á fundación da Coruña por Hércules, a que se refire ao tributo das Cen Doncelas, etc.

As lendas etiolóxicas narran invencións para explicar algo descoñecido (nome, edifício, etc.)

No val de Verin hai duas aldeas qu se chaman Vences e Nocedo e naquela comarca nárrase unha lenda que explica a orixe dos seus nomes do xeito seguinte: "Tu, vences, vences, pero yo no cedo".

As lendas haxiográficas narran a vida dos santos (miragres, aparicións e outros feitos). Son tantas e tan coñecidas estas lendas que non nos imos parar agora con elas.

CONTOS

A estrutura do conto foi moi ven estudada por Vladimir Propp, estuturalista ruso. Propp propuxo unha clasificación moi ben axeitada dos contos e definiu as funcións fundamentais dos contos maravillosos, funcións que ao parecer son universais. Mais nun traballo de divulgación como este non podemos pararnos en todos os detalles científicos polo que nos limitaremos á sua clasificación.

Unha das clasificacións divide os contos en **maravillosos, exemplares, humorísticos e eróticos**, mais este tipo de clasificación é máis ben raro nos libros de contos galegos onde estas obedecen principalmente ao asunto: **contos de bruxas, do trasmo, de animais** (lobos, raposos, teixos, etc.), de **ofícios** (de cregos, de xastres, de costureiras, de sacristáns), de **reis e príncipes**, etc.

Aqui remataremos de súpeto pois este é un conto de nunca acabar.

crítica

publicacións

O Ensino

Esta revista que se apresentou co seu numero O e que leva o subtitulo importante de "Revista Galega de Socio-Lingüística", apresenta unha diagramación interesantísima e que seria modelo axeitado para outras revistas que carecen de imaxen e apresentan un estereotipo graficamente amazacotado como é o caso de Encrucillada e Grial, por exemplo.
A pesar do acerto da montaxe hai se cadra un exceso de imaxen que perxudica a leitura contínua dos traballos inseridos neste primeiro numéro de "O Ensino".

Revista tecnica e científica, dirixida a un sector da meirande importáncia como e o do mundo do ensino, tanto en canto reprodutor de ideoloxia, canto en referéncia á funcion que debe ter este sector na loita por recuperar e consolidar o idioma e máis a cultura próprios da nosa nacion galega, ainda é pronto para tirar conclusions sobre o seu contido e función para o futuro.

Apenas podemos anotar deste número 0 o traballo da autoria X. Rodriguez sobre "O fracaso na escola significa o fracaso da escola?" seguindo a Lerena e outros autores. "O ensino globalizado na primeira etapa de EXB" de X. Paz, ben elaborado, "O ensino das Ciencias Naturais" de R. Varela "O problema da arte e da cultura" por F. Senén López "O xogo, os xoguetes e as ludotecas" de X. Torres, traballo este plantexado desde esquemas excesivamente urbanos, se cadra e, polo tanto, algo a marxe da realidade socilóxica galega "Normativización e normalización do idioma galego" de S. Esteban Radio, de grande interés para un verdadeiro plantexamento do "hic e nunc" do idioma noso face as agresions do galego polo español e das correntes filolóxicas españolistas, que admiten a sua descomposición e asimilación polo idioma do Estado. S. Esteban plantexa no seu traballo unha alternativa reintegracionista que permite ao galego volver a ocupar o posto que lle corresponde dentro do romance ocidental: o galego-portugués, de forma gradual e científica.

Finalmente ten "O Ensino" unhas seccions de História - neste caso relativa apenas a unha recensión breve da imprensa do ensino na Galicia--, "Afiando o lapis" de crítica de publicacions, cinema, etc. e "Notícias do Ensino" de carácter informativo.

O que hai que subliñar tamen deste número 0 é o extraordinario Consello asesor, integrado por galegos de talla de Carballo Calero, Parga Pondal, Vazquez Cuesta, Fraguas, Vidal Abascal, F. Carballo, F. Rodriguez, etc. e dos portugueses Rodrigues Lapa, M. Ferreira, V. da Fonseca. C. Reis, J. A. Seabra, etc, que outorgan desde xa unha grande credibilidade a esta revista recen dada ao lume.

Conven salientar a sua finalidade descrita no Editorial "procurar a máxima difusion de todaas aquelas investigacións e traballos que tentan a construcion dun ensino galego e a normalización da nosa língua, refutando polo mesmo a colonización que a través do sistema escolar actual se está a facer ao impedir un esnino en galego e a recuperacion da nosa história, xeografia, economia, literatura, arte, ciencias naturais, etc."

AMARO VEIGA

cine

Cristo parouse en Eboli

Francesco ROSI é un director napolitano, do que coñeciamos algunhas películas en Galícia (como "Uominio contro" e "O caso Mattei"), grácias ao labor incansábel dos cine-clubs que traballan diariamente espallados pola nosa terra. Rosi é un dos mellores herdeiros da escola neorrealista e formóuse cinematograficamente como axudante de dirección e guionista de cineastas como Visconti e Antonioni. Leva vinte anos realizando películas e agora podemos ver a sua última obra ("Cristo paróuse en Eboli"), onde segue mostrando a sua capacidade para adentrarse e asumir unha realidade histórica e social conflitiva.

"Cristo..." está baseada na novela autobiográfica de Carlo Levi ("Cristo si é fermato a Eboli") e narra o exílio do próprio Levi nun pobo esquecido da Lucania, na zona meridional de Italia no ano 1.935. Levi foi un intelectual antifascista, orixinário de Turin, que fundou o movimento "Giustizia e Libertá" (de ideoloxia liberal-socialista), e que foi desterrado polas suas actividades políticas. Levi-Rosi descreben minuciosamente a vida nesta pequena comunidade rural, deixada da man de Deus e acosada polo paludismo, as enfermedades e a marxinación do resto de Italia; ao tempo, van diseccionando as durísimas condicións de vida das xentes do lugar e as causas do subdesenrolo que padecen Estas condicións de vida e de supervivéncia adversas determinan un mundo cultural oscurantista e colonizado. A miséria, o analfabetismo, a enaxenación mental son as diferentes caras dun mesmo proceso de explotación. A relixiosidade popular e a superstición confúndense até chegar a ser imposíbeis de separar e son consecuéncia tamén do atraso cultural e económico que padecen as xentes da Lucania. Rosi vai definindo todo un conxunto complexo de costumes, creéncias e ritos onde se moven unhas xentes sen história, totalmente alleas á História con maiúsculas "dos de Roma" (principais responsábeis do contexto de explotación e colonialismo no que viven). Rosi constrúi asi unha excelente História das xentes sen história.

Para as xentes de Lucania só queda unha alternativa: a emigración a Roma ou Nova York, de onde voltarán á sua terra espoleados pola morriña e chapurreando inglés. Tamén aqui Fuco Buxán non se rebela, emigra. E éste é un dos moitos pontos de identificación con outros pobos colonizados e sumidos no subdesenrolo como Galícia ou Andalucia. Con gran realismo Rosi-Levi denuncianos os primeiros responsábeis desta situación de atraso e abandono: os beneficiários do centralismo, o poder económico (o barón, o terratenente) e os intermediários, encargados do control e represión do lugar (o alcalde-Podestat, o recaudador de impostos, o policia...). Ambientada na época fascista, a preséncia do fascismo é indirecta, por meio do Podestat, o poder local. Pero quizais seña ista a mellor forma de entender o proceso fascista. Rosi dj ao respeito: 'O feixismo significou sobre todo unha gran corrupción entre a xente. Logrou desestabilizar, minar o senso da responsabilidade individual ante os problemas da sociedade. Para min, hoxe, rodar un película sobre este periodo, non implica forzosamente facer unha história do feixismo ou unha biografia de Mussolini. O esencial é comprender a forza corruptora que foi e que representa aínda o feixismo"(1). Porque a sobreexplotación e o atraso tamén poden explicar o feixismo.

Despois disto, algunhas consideracións sobre a realización propriamente fílmica de Rosi. En primeiro lugar, Rosi plantexa o seu traballo dun xeito coerente e aberto: o ponto de vista que adopta o espectador é o de Carlo Levi, un intelectual pequeno burgués, escritor, pintor e médico, "residenciado" nun meio descoñecido e adverso. Pero Levi asume progresivamente, coa evolución da história, unha postura de identificación solidária coas xentes deste meio e de compromiso con elas. Isto vai determinar un choque brusco entre dous mundos culturais: o de Levi (e o espectador), procedentes dun mundo urbano, de alta cultura, e o dos labregos do Sur de Italia, fillos da ignoráncia e da explotación. Este conflito non se resolve, senón que ao longo da história hai unha contínua distanciación entre estes dous mundos culturais. Pero non era este o único ponto de vista posíbel: outro seria o dos dous militantes comunistas que seguen encarcerados e incomunicados, cando Levi é liberado, precisamente por proceder doutra clase social e doutro mundo cultural diferente ao do escritor. No desenrolo da história, o drama individual do exilio do protagonista, o seu mundo interior, non interesa, é sacrificado en función da descripción da comunidade.

Outra característica da película é a poética que respira de princípio a fin, apoiada nunha excelente banda sonora, composta a base de cancións tradicionais, e na fotografia de Pasqualino de Santis, que nos revela unha natureza agresiva e nada complacente, como as condicións de vida dos seus habitantes. Non é a mirada desatenta e incomprensíbel do turista burgués nen se trata de embellecela: a miséria ten a sua própria estética, a paisaxe significa traballo, dor, explotación

"Cristo parouse en Eboli" é unha coprodución da RAI (Radiotelevisión italiana) e ten unha versión televisiva máis larga que a película. Pode resultar divertido comparar a obra de Rosi coas producións de RTVE (só como pasatempo). E de eloxiar o valor da televisión italiana en encarar filmicamente un dos problemas (a contradición Norte-Sur) determinantes da sua própria realidade histórica e social.

FICHA TECNICA

Italia-Francia, 1.978. Titulo 'Cristo é fermato a Eboli". Director Francesco Rosi. Productores: Franco Cristaldi e Nicola Carraro. Producción: Vides Cinematográfica, Action Films, RAI. Guión: Francesco Rosi, Tonino Guerra e Raffale la Capria, según a novela de Carlo Levi. Fotografia Pasqualino de Santis (eastmancolor). Director artístico: Andrea Crisanti. Música: Piero Piccioni. Montaxe: Ruggero Mastroianni. Intérpretes: Gian Maria Volonté, Paolo Bonacelli, Alain Cuny, Lea Massari, Irene Papas, François Simon.

(1) Entrevista de Paulo Antonio Paranagua a Francesco Rosi, v. "DIRIGIDO POR" Nº 75.

M. VALCARCEL

cociña

ERNESTO NOCEDA

O pato: unha comida de reis

Cando a boa (e un dicer) de Catarina de Medicis, casou co que despois seria Enrique II de Francia, os estados da sua Cristianisima Maxestade, non incluian a Borgoña, nen as zonas ribeireñas do Rhinn, nen a Saboia Transalpina, zonas que xunto co Norte de Italia, alto Val do Danubio e Flandes eran onde se guisaban a mellor cociña europea da epoca.

Afortunadamente, a compaña da despois raíña de Francia, amén dun bon feixe de astrólogos, sicários e mestres envelenadores, levaban bos cociñeiros que alixeiraron un tanto de caldo e grasa a cociña francesa e utilizaron cunha maior xenerosidade o aceite de oliva.

Estes saudábeis efeitos civilizadores, xunto con outros (non é o mesmo cargarse a un nemigo político a puñaladas, como tiñan por magoenta costume os franceses, que facelo de "morte natural" dun "jicarazo" arsenical, que é moito máis elegante) e a boa despensa serviron para asentarse a primeira pedra do edifício da cociña francesa e para darlle unha maior emoción aos banquetes cortesáns (¿quen "palmara" hoxe?) hai que ter en conta ca Francia da época, a parte dunha miséria "farturenta" o único que tiña eran abondosos recursos demográficos e non cambiou moito até o século XVIII.

Eu, francamente, non sei si a raíña Catarina ou o rei Enrique gostaban do pato, que supoño que si, nen como o xantaban, pero iso a nos e ao pato (domestico ou domesticado, que é caza hai maneiras máis axeitadas para preparalo) nón nos importa nada. A receta de hoxe non ten ao meu entender, gran cousa que ver coa Francia do XVI que se falei de ela foi porque non se me ocurria nada sóbor dos patos, e non era plan dedicarse a escreber sóbor dos paradas nupciais do lavanco, *isi* que preferin a Catarina a "Tenra" (aquela das guerra de relixión).

Colla un pato de aproximadamente 1kg e medio, e xa limpo, recheo con algunhas raxas finas de panceta curada, e aceitunas mouras picadas, átase cun bramante, para que seña doado darlle a volta e untado de grasa de porco ponse nunha pota fonda, na que, a lume medio, terá quentando aceite. Cando dore, engádese cebola picada non moi fina, zanaoria raiada grosa, allo, unha folla de loureiro, uns graus de pimenta negra e sal poñendose o lume baixo. Cando as herbas xa douran bota un vaso de viño branco bon, deixando que se vaia facendo, cando este se reduza a o momento de engadirlle o caldo feito cos miúdos e a grasa do pato e deixe que coza durante unha hora ou máis se fose dura a ave.

Cando esteña tenro, retírase mantendo quente, tamízase o prebe e nunha fonte e coberto por este servíse o pato xa esnaquizado. Como gornición poden poñer tamén patacas, pero é preferíbel reinetas asadas.

taboleiro



A) 47 20 12 28 1 24 18 31 55 8

B) 59 36 3 25 49 10 38 32 45

C) 52 2 26 60 15 48 41

D) 16 40 21 34 57 11

E) 9 35 46 29 6 42

F) 44 19 22 56 13

G) 43 5 30 39 50

H) 23 14 58 7 51

I) 4 53 37 27

L) 54 17 33

A) Na cima do companário, marca os puntos cardinais.
B) Lancha grande de remos usada en tempos na pesca da sardiña con arte de cerco.
C) Que teñen pequenos orificios na pel, permeábeis fem).
D) Monumento megalítico.
E) O que se estabelece nun pais estranxeiro.
F) Pata abrir as portas pechadas.
G) Aceno ou frase de benvida.
H) Amos ou proprietários.
I) Casamento.
L) Satélite.

SOLUCION AO N. 27. Amiguiña, crara estrela/dame a aguillada dun bico/para apurrar a gamela. (Fermin Bouza Brey: Triadas no mar e na noite.)

Anuncios de balde

Busco n. 0 da revista TEIMA. Tamén o n. 47 da revista GRIAL. **Alberte. Telf. 216626- 225812. Lugo.**

Necesito información sobre o "Novo Informativo Internacional" **Xosé, telef. 582613.**

Mercaria os libros "DERECHO DEL TRABAJO" de Manuel Alonso Olea. Sempre que non sexan edicións moi atrasadas. **Razón telef. 582681 de Santiago.**

Interésame a adquisición, (ainda que sexa en fotocópia) das partituras para Duo de Guitarras: Sonata, Muiñeira e Romanza, de Andrés Gaos. Apuntes dodecafónicos, de Daniel Quintas. **Razón a : Vidal, Apartado Postal 520 Alerez de la Fontera.**

cartas

CONTRA A POLITICA DE PRIVATIZACION DA UNIVERSIDADE

Ante a firma do CONVENIO entre o BANCO PASTOR e a UNIVERSIDADE de Santiago a Dirección Nacional de E.R.GA (Estudantes Revolucionarios Galegos) quer manifestar:

1.– Nas notas de prensa do Reitorado anunciase a bombo e platillo que a firma dise convénio co Banco Pastor permitiría conceder 25 becas para fillos de emigrantes (que, dito sexa de paso, é unha boa miséria), pero en cámbio o Reitorado non di en nengun momento cales son as obligacións que dito convénio lle impón a Universidade, non di que servícios se verá obrigada a prestar a Universidade ao Banco Pastor. Porque o convénio non e unha donación senón que leva consigo unhas contrapartidas, ¿por qué non as fai públicas o Reitorado?.

2.– E evidente que este proceso de penetración das entidades privadas na dirección e planificación da Universidade a traves do Patronato queren facelo o máis disimuladamente posíbel para que non se xere unha oposición por parte do estudantado e da sociedade. Pero xa e hora de que saia a luz esa política de bunker que leva adiante o Reitor Suarez Nuñez e que se vexa claramente a que intereses responde.

3.– A firma de Convénio entre a Universidade estatal e os monopólios e entidades privadas, neste caso co Banco Pastor (FENOSA) e con FORESA de Caldas fai dous meses, supón un claro sometemento dos fins da Universidade aos intereses dos grandes grupos económicos e de presión. Esa e a via de privatización do ensino estatal permitindo a inxerencia descarada das empresas na planificación da educación, iso significa que o ensino deixa de ser un servício público convertendose nun ensino ao servício dos monopólios.

Esa e a concreción practica da Política Educativa do Goberno que se recolle na L.A.U e que consiste na destrución progresiva do ensino estatal e potenciación descarada do ensino privado.

A proba palpábel do que afirmamos esta en que mentres a Universidade firma convénios con entidades como o Banco Pastor e FORESA, mentres as subvencións aos Colexios Privados aumentou este curso nun 15 por cen chegando a 55 mil millóns de pts., mentres isto ocurre o presuposto para becas da Universidade de Santiago foi reducido en 65 millons de pts. con respeito ao ano pasado, é dicer, foi reducido nun 31 por cen.

Nos declaramos a nosa vontade de loita en defensa do ensino estatal xa que o único que pode garantizar un servício real a comunidade, por iso apoiamos a loita dos Becários do PIO en esixencia dunha ampliación do presuposto para becas.

Ademais esiximos a destitucion do Reitor que, mediante a aplicación da LAU, é o responsábel do crecente deterioro da Universidade que se agrava con esa política de "venta" da Universidade as entidades privadas que vai contra os intereses do pobo galego.

DIRECCION NACIONAL DE ERGA

OS PRESOS POLITICOS DA CADEA DE CORUÑA A TODO O POBO GALEGO

Os presos Políticos da cadea da Coruña, queren facer saber a todo o pobo Galego a sua solidaridade cos Presos Políticos pechados na cadea de Herrera de la Mancha os cales veñen mantendo unha folga de fame e comunicacións cos seus familiares desde o pasado dia 22 debido ao incremento represivo dentro da cadea; foron totalmente illados en celdas individuais; sofren costantes provocacións por parte dos funcionários e direcci n; as comunicacións son constantemente intervidas,.... etc..

A nosa situación na cadea da Coruña é a seguinte: moitos de nos descoñecemos as causas polas cales nos topamos presos. dándose o caso de que fomos postos en libertade por un xuzgado da Coruña e aos poucos dias fomos novamente detidos, sen motivos aparentes, pola Audiéncia Nacional.

Os derradeiros detidos en Santiago e Vigo están nunha situación moi parecida dándose o caso de ter sido algun secuestrado; ademais, todos eles foron maltratados e torturados física e psiquicamente nas comisarias de Vigo, Santiago e Coruña ao amparo da chamada "Lei Antiterrorista".

Neste intre atopámonos na cadea da Coruña10 Presos Políticos; topámonos nun réximen especial: incomunicados do resto dos presos; non temos aceso a nengunha instaladi n da cadea que non seña a nosa própria celda; ábresenos a gaiola 5 horas diárias; o correo intervense é retense semanalmente temos 40 minutos para poder falar cas nosas familias; atopámonos nunha situación hixiénica deplorábel (somos invadidos polas ratas na própria celda); topamonos sometidos a cacheos tanto na celda como nas visitas que temos de bis a bis cos nosos familiares.....etc.

Por todo isto solidarizamonos cos Presos Políticos de Herrera de la Mancha pola sua situación, e do resoto das cadeas en xeral, adotamos o acordo de poñernos en folga de fame e de comunicacións deica que remate esta situación inaguantábel.

¡¡¡Derogación da Lei Antiterrirista!!!
¡¡¡Amnistia total!!!

PRESOS POLITICOS DA CADEA DA CORUÑA

(Seguen firmas)

"Euskal Herrian Euskaraz" (no país da Língua Basca, en Lingua Basca) ao ter notícia do asoballamento que o goberno español, có expediente instruído á mestra Xosefina Baamonde, quer impoñer á Língua Galega e aos seus falantes, decidiu na sua xunta nacional (Altsatsu 31 de Xaneiro) expresar a sua fervente solidaridade con Xosefa Baamonde e todos os mestres que ensinan en Galego.

A VOSA LOITA E A NOSA MESMA ¡¡

B. BARANDIARAN BIZKAIKO BATZORDEKOA

sabeliña

XOSE LOIS

A NOSA TERRA

A MEDICINA POPULAR GALEGA

M. VILAR

A medicina é un elementos máis dos que integran o sistema cultural da sociedade, é unha forma máis do linguaxe dentro do amplo campo de sistema de comunciacións humanas. A medicina popular é a resposta popular dunha determinada cultura ou dun determinado grupo social, ante un feito no que ben o grupo ou ben o indivíduo, este sempre e cando forma parte do grupo, séntese debilitado, inferiores no seu próprio médio.

Hoxendia esta cultura ou somente cultural, non urbana, atópase nun intre trascendental do seu desenvolvemento, nun intre de cámbio. Este proceso de cámbio leva a integrar o mundo labrego no modo de explotación capitalista. Esta integración descarada do labrego no sistema capitalista ten ademais un alto précio en costos sociais para o labrego.

A integración no sistema capitalista leva a que desaparezan as bases crenciais que sosteñan as crenzas populares clásicas. Neste contexto o espacio da medicina popular tende a acotarse, a desintegrarse ante o avance e implantación no seu médio da medicina oficial, como un feito máis do asesinato xeralizado da cultura popular. Mais isto non é de todo correcto para o caso galego. Hoxe por hoxe, a medicina popular no noso pais e un fenomeno real e vivo, e a funcion social que cumpre é imprescindibel. O correcto seria, en aras da "modernidade", chegar a unha síntese positiva das duas medicinas, non ao asoballamento dunha medicina pola outra. A medicina popular galega resposta ademais ao seu entorno ecolóxico e economico. Debido ao pouco terreno agrícola aproveitábel, ao illamento das pequenas unidades de cultivo, ás dificuldades existentes nos sistemas de comunicación, á dispersión da poboación agrupandose en nucleos pequenos e tratando de conseguir unha certa autarquia; a realidade de medicina popular e pois evidente. Mais isto hoxe non seria de todo unha traba para a medicina dunha cultura "moderna". Aqui entran en xogo outros factores, que parten do sistema de valores que fundamentan a cosmovisión que o labrego ten do universo, tales como a desconfianza que ten o labrego ante todo aquilo que lle é alleo a sua realidade: a parróquia, que é o nucleo base do seu sistema de comunicacion a traves do cal o labrego chega a perceber a totalidade sen perder o senso das partes tipicando as suas relacions sociais e persoais. El na parroquia esta no seu mundo, sentése protexido polos seus, e todos os actos estan rodeados da máxima protección simbólica.

O labrego se sae fora destes espácios séntese inferior, o mesmo que cando alguén de fora racha co seu espácio.

ILUSTRACION XULIO GAIOSO

Este é o caso do médico, que pertenece a outro "mundo", que é "de fora". E un elemento extaño, polo tanto superior ante o cal o labrego séntese indefenso inferior. Nesta situación entre médico-superior, e labrego-inferior non se da certamente un proceso real da intercomunicacións. O labrego -pacente- non participa do diálogo. E nesta situación de frialdade e oscurantimo na que fallan os resultados das terápias oficiais.

O labrego galego ten unha visión dual do universo. Para o seu sistema de clasificación simbólico-máxico o universo divídese en visíbel, son os homes, e invisíbel, que son os espíritos, que poden ser bos ou maos, vivindo en equiparidade. Esta equiparidade pode racharse dado que os seres invisíbeis teñen poder para intervir no normal desenvolvimento da realidade visíbel. Esta é a idea que fundamenta a definición da medicina popular. O mal é para o labrego galego resultado dunha concepción filosófica relixiosa particular do home, que se escapa do campo da racionalidade médica (Medicina oficial).

Entón, as enfermedades poden ser de dous tipos: **enfermedades do corpo**, son as enfermedades de médico, as que veñen descritas nos tratados oficiais de medicina; e **enfermedades da alma**, que son as enfermedades máxicas, as producidas polos seres invisibeis e que caen fora do campo do médico. As enfermedades da alma son orixinadas ben por problemas interpersoais, ou ben por conflitos xerados a traves da estrutura social do grupo. Hai que restabelecer ese equilibrio perdido, equiparar os espiritos bos cos maos. A persoa chamada a restabelecer ese equilibrio desfeito e o curandeiro.

A terápia popular non é algo sen sentido. Os curandeiros entréganse ao seu labor con auténtica seriedade, curando o que pretenden curar con auténtica eficacia, onde as terapias oficiais son ineficaces. O curandeiro suministra ao enfermo unha solucion ao seu mal, en funcion do sistema de valores no que viven ambos os dous. Naquel, ao contrário que na terápia oficial, producese verdadeiramente un diálogo, o enfermo fala tranquilamente co curandeiro, home do seu mundo que está ao seu mesmo nivel. Ao longo deste proceso de comunicación o enfermo logra coñecer o seu mal, resolvendo asi o seu problema a nivel simbolico, moito mellor que o médicó, reducindo a sua ansiedade, rachando ese sistema dual de clasificación. A integración do enfermo no mundo dos sans é aqui moito máis efectiva que na medicina oficial